



Barómetro da cultura galega 2024

DOI: 10.17075/bcg.06.2024

1. Introducción e metodoloxía

O *Barómetro da cultura galega* é unha ferramenta de análise e seguimento que mide o estado e a evolución do sector cultural en Galicia. Recolle datos e opinións de empresas, organismos e profesionais relacionados coa cultura para avaliar aspectos como ingresos, emprego, tendencias de mercado, investimentos en dixitalización ou internacionalización das actividades culturais. Proporciona unha visión detallada do impacto económico, social e tecnolóxico no ámbito cultural e permite identificar fortalezas, debilidades e oportunidades de desenvolvemento dentro do sector. É un instrumento que pretende ser útil para a toma de decisións estratéxicas por

parte de entidades públicas, empresas e profesionais do ámbito cultural galego.

A anterior edición do *Barómetro*¹ constatou que 2022 foi considerado «un bo ano, aínda que algo peor do agardado» para o sector cultural, no que un 47,1% das empresas incrementou os seus ingresos, especialmente aquelas dedicadas á música, ao audiovisual e ás artes escénicas. Non obstante, este crecemento tamén implicou un aumento nos custos de produción e laborais. Impúxose a estabilidade no emprego e as áreas de desenvolvemento futuro apuntaban cara á dixitalización e internacionalización.

Ao comezo do ano 2024 iniciáronse os traballos de campo da terceira edición do *Barómetro* co obxectivo de analizar e dar conta da situación do sector cultural galego durante 2023, da súa evolución con respecto ao exercicio anterior e das expectativas para 2024. Deste xeito dáse continuidade a unha avaliación do estado da cultura galega desde o punto de vista dos seus axentes fundamentais.

O estudo permite coñecer a percepción das persoas entrevistadas con respecto á evolución da economía en xeral, do sector cultural, do seu ámbito de actuación específico e da situación das entidades en que traballan durante 2023. Así mesmo, recolle as previsións para o ano 2024 e presta atención a aspectos relevantes como a solicitude de subvencións ou axudas ás administracións, a política de investimentos levada a cabo pola entidade, os procesos de internacionalización e dixitalización, etc. No plano valorativo, o estudo somete ao xuízo dos profesionais da cultura cuestións relativas ás accións que deberían levar a cabo as administracións públicas de forma prioritaria.

O universo de estudo do *Barómetro* está constituído por entidades empresariais, profesionais autónomos, administracións públicas e tecido asociativo do sector cultural galego. A mostra deseñouse en función da achega dos diversos subsectores de actividade á conta satélite da cultura galega. Co fin de garantir a presenza dun número significativo de cada un dos subsectores obxecto de estudo, elaborouse unha mostra ponderada na que se asegurou un número mínimo de observacións para cada subsector, que despois foi corrixido ata o seu peso real tras as debidas ponderacións.

¹ https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2023_Barometro-da-cultura-galega-2023.pdf

Para unha maior fidelidade deste estudo lonxitudinal á evolución das entidades do sector cultural galego, en cada edición trátase de manter a colaboración co maior número posible destas e superar o dos anos anteriores. Un 88% das entidades que colaboraron na actual edición xa o fixera tamén nalguna das edicións anteriores e, se só se ten en conta a edición do ano precedente, esta taxa de repetición sitúase nun 86%.

A recollida de datos para a edición do *Barómetro* de 2024 levouse a cabo entre o 10 de xaneiro e o 24 de febreiro e proporcionou unha matriz de 1.018 entidades entrevistadas, sobre un deseño inicial de 1.000.

Segundo a actividade específica de cada entidade que compón a mostra, un 31,4% dedícase ás artes visuais (deseño, fotografía, creación artística e de fabricación e comercio de bens relacionados con elas, así como arquitectura e publicidade), un 15,1% ao audiovisual e actividades relacionadas (radio, televisión, cine, vídeo e música gravada), un 10,7% á edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas e un 10,4% á educación cultural (academias e escolas de música, artes visuais, baile, teatro etc.). Tras estes segmentos máis destacados sitúanse as entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (8,3%), ás artes gráficas (5%) e aos museos e actividades relacionadas (4,9%). Os demais segmentos desta clasificación presentan pesos porcentuais inferiores a un 4%.

Porcentaxe de entidades segundo a actividade específica


	Porcentaxe
Artes visuais	31,4
Audiovisual e actividades relacionadas	15,1
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	10,7
Educación cultural	10,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	8,3
Artes gráficas e actividades relacionadas	5,0
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	4,9
Actividades das administracións públicas ²	3,8
Música	3,7
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,4
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,3

Fonte: Elaboración propia

² Neste segmento están as actividades de regulación das administracións públicas, é dicir, a actividade dos departamentos de cultura dos diferentes niveis administrativos, axencias etc.

A clasificación en función do tipo de organización amosa que un 72,1% pertence ao ámbito empresarial (un 55,7% son empresas e un 16,4% profesionais autónomos), un 16,8% pertence á Administración pública³ e un 11,1% son entidades sen ánimo de lucro (asociacións, fundacións etc.).

Porcentaxe de entidades segundo o tipo de organización



Fonte: Elaboración propia

Se se analiza a facturación (no caso das empresas e profesionais autónomos) ou o orzamento da organización (no caso das administracións e entidades sen ánimo de lucro), obsérvase un menor peso porcentual dos segmentos a medida que se ascende na contía económica do intervalo. Atópase no de menos de 50.000 euros un 33,8% das entidades, no de 50.000 a 149.999 euros un 28,5%, no de 150.000 a 499.999 euros un 21,9% e no de 500.000 euros en diante un 13,5%.

Porcentaxe de entidades segundo a facturación ou orzamento en 2023


	Porcentaxe
Menos de 50.000 €	33,8
De 50.000 a 149.999 €	28,5
De 150.000 a 499.999 €	21,9
500.000 € ou máis	13,5
Ns/Nc	2,3

Fonte: Elaboración propia

³ Aquí atópanse todas as entidades que dependen directamente das administracións públicas, ademais das actividades de regulación daquelas, como bibliotecas, arquivos e museos públicos, etc.

Ao igual que o nivel de facturación, o volume de persoal achega unha importante información á hora de describir o tamaño das entidades. Así, á marxe dun 1,1% das entidades (todas elas sen ánimo de lucro) que son atendidas só por persoas voluntarias, obsérvase que o treito máis representado na clasificación é o das entidades con unha ou dúas persoas empregadas, que supoñen un 41,4% da mostra. Esta porcentaxe vaise reducindo nos dous seguintes intervalos: conta con entre tres e cinco profesionais un 24,6% das entidades da mostra e con entre seis e dez profesionais un 13,6%. Porén, repunta lixeiramente no caso do intervalo máis alto, que se corresponde co das entidades con cadros de persoal compostos por dez persoas ou máis, pois supón un 18,7% da mostra.

Porcentaxe de entidades segundo o número total de persoas empregadas (incluída a dirección) a finais de 2023



- Ningunha, só persoal voluntario
- 1 ou 2 persoas empregadas
- De 3 a 5 persoas empregadas
- De 6 a 10 persoas empregadas
- Máis de 10 persoas empregadas
- Ns/Nc

Fonte: Elaboración propia

Un último aspecto que cómpre analizar nesta descrición da mostra de estudo é o hábitat poboacional de localización das entidades. Esta variable

reflicte que seis de cada dez entidades analizadas se sitúan nalgunha das sete cidades galegas (un 61%), un 16,6% ten a súa sede en concellos de carácter máis rural —é dicir, de menos de 10.000 habitantes— e as restantes unidades distribúense de forma case equitativa entre os dous hábitats intermedios: un 10,6% en municipios de entre 10.001 e 19.999 habitantes e un 11,8% en vilas de entre 20.000 e 49.999 habitantes.

Porcentaxe de entidades segundo o hábitat de poboación

	Porcentaxe
Menos de 10.000 habitantes	16,6
De 10.001 a 19.999 habitantes	10,6
De 20.000 a 49.999 habitantes	11,8
50.000 habitantes ou máis	61,0

Fonte: Elaboración propia

Estas variables, que describen ou caracterizan a mostra, empréganse tamén como variables de cruzamento ou explicativas na explotación estatística do resto das que compoñen o estudo, é dicir, nunha análise que explora as posibles diferenzas en función da actividade desempeñada, o tipo de entidade de que se trate, o nivel de facturación, o volume de persoal ou o tamaño do hábitat en que se sitúa. Para validar a significación destas variables de cruzamento emprégase unha análise de varianza (Anova, polo seu acrónimo en inglés) no estudo de variables cuantitativas e a técnica do «khi-cadrado» no das variables de tipo nominal, de xeito que só se describen aqueles cruzamentos que resultan estatisticamente significativos en función dos parámetros establecidos por estas probas.

2. Perspectiva xeral da evolución en 2023 e expectativas para 2024


As variables que recollen a valoración da evolución da conxuntura do ano 2023 poñen de manifesto que os representantes das entidades culturais teñen unha percepción notablemente máis negativa da situación experimentada pola economía en xeral que da experimentada pola cultura nos seus distintos niveis. A valoración máis positiva é a que se refire á propia organización ou entidade.

Deste xeito, un 25,2% das entidades da mostra considera que en 2023 a situación da economía en xeral foi mellor ou moito mellor que en 2022, porcentaxe que se eleva case dous puntos porcentuais, ata un 27,1%, se a

pregunta se refire á evolución do sector cultural en xeral. Segue incrementándose ata un 31,9% no caso do ámbito específico de actividade da entidade e chega ao valor máis alto desta resposta agregada de signo positivo (un 40,2%) no caso da propia organización enquisada.

Con estes datos, cando se valora a evolución da economía en xeral, as respostas que sinalan un cambio a peor ou a moito peor son as predominantes: superan en 13,8 puntos ás que indican algún tipo de mellora. Non obstante, ao pensar no sector cultural en xeral, no sector de actividade específico e, aínda máis, na propia entidade, predominan con claridade as respostas positivas: no caso da propia entidade, estas superan as negativas en 20 puntos. Polo tanto, é na propia situación das entidades da mostra na que se percibe unha valoración máis positiva da evolución durante o ano 2023.

Porcentaxe de entidades segundo a valoración da evolución de cada un dos seguintes factores en 2023 con respecto a 2022



Fonte: Elaboración propia

Se as categorías nominais empregadas para a avaliación se observan como puntuacións dunha escala do 1 ao 5, obtense unha cifra resumo que ten en conta a intensidade destas valoracións e favorece a análise comparativa. A través deste valor resumo obsérvase con maior claridade esa mellor apreciación da evolución canto máis específico é o ámbito sobre o que se pregunta. Deste modo, as entidades que compoñen a mostra de estudo puntúan cun 2,82 a evolución da economía en xeral durante 2023, mentres

que sitúan arredor dun 3 o sector cultural en xeral (3,06) e o seu sector de actividade (3,05), e outorgan a puntuación máis alta, un 3,24, á evolución económica da propia entidade.

Valoración da evolución do ano rematado con respecto ao ano anterior (escala 1-5)

	2021	2022	2023
A economía en xeral	3,06	3,00	2,82
O sector cultural en xeral	2,98	3,31	3,06
O sector de actividade	3,15	3,27	3,05
A entidade	3,25	3,39	3,24

Fonte: Elaboración propia

Este mesmo valor resumo permite comprobar que a serie temporal, que nestes momentos abrangue tres anos, evidencia unha deterioración da percepción da evolución da economía xeral: do 3,06 atribuído ao ano 2021 cae ata o 2,82 relativo a 2023. Os tres niveis restantes achegaron mellores datos con respecto a 2022 que a 2021, pero en 2023 presentan valores inferiores aos de 2022. Isto supón que, tanto no sector cultural en xeral como no específico de actividade e nas propias entidades, se observou unha evolución lixeiramente peor en 2023 que en 2022, malia que seguen predominando as valoracións positivas. En todo caso, mantense ao longo dos tres anos unha mellor apreciación da situación económica do sector de actividade e da propia entidade que da situación da economía en xeral.

A evolución da economía en xeral recibe mellores puntuacións canto maior é o volume de facturación da entidade. Por actividade específica, un primeiro aspecto que cómpre sinalar é que ningunha das categorías acadou o 3, cifra en que se sitúa a estabilidade. As puntuacións máis altas achéganas as entidades dedicadas ás artes gráficas, ao audiovisual, ao teatro, danza e outras artes escénicas (excluída a música) e aos museos e actividades relacionadas co patrimonio, todas ao redor do 2,9. Fronte a estes sectores, os máis críticos coa evolución da economía en xeral durante 2023 son os do comercio de libros e publicacións periódicas (2,62), as bibliotecas e arquivos (2,67) e os departamentos de cultura dos diferentes niveis da Administración (2,68).

A evolución da cultura en xeral durante 2023 recibe unha puntuación inferior ao 3 por parte tanto das entidades dedicadas ao comercio de libros

como dos sectores da edición de libros e da música. Entre as que presentan valoracións por riba do 3 destacan as do audiovisual, con 3,28. Por facturación, a peor avaliación volve ser a que se recolle entre as entidades do treito máis baixo e a máis elevada a das entidades co intervalo de facturación máis alto.

Ao xulgar a evolución do propio sector das entidades da mostra, o cruzamento por actividade específica amosa de novo a mellor puntuación no audiovisual (3,29). Por facturación, como nos dous ámbitos anteriores, a puntuación máis baixa atópase no treito de menos de 50.000 euros (2,86) e a máis alta no de 500.000 euros en diante (3,28).

Esta relación entre maior puntuación da evolución económica canto máis elevada é a facturación da entidade repítese —e mesmo se acentúa— ao avaliar a evolución das propias entidades, que neste caso vai do 2,98 do treito económico máis baixo ao 3,48 do máis alto. Ademais, unha das puntuacións máis elevadas por actividade específica é a que conceden as entidades do audiovisual (3,43), aínda que nesta ocasión esta cifra vese superada pola rexistrada no ámbito dos museos e actividades relacionadas co patrimonio (3,48). Só o segmento do comercio de libros presenta puntuacións inferiores ao 3 (2,99).

Valoración media da evolución de cada un dos seguintes factores en 2023 con respecto a 2022 (escala 1-5)


	A economía en xeral	O sector cultural en xeral	O sector de actividade	A entidade
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,96	3,06	2,98	3,32
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,62	2,95	2,90	2,99
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,78	2,82	2,76	3,14
Audiovisual e actividades relacionadas	2,94	3,28	3,29	3,43
Artes visuais	2,83	3,06	3,08	3,22
Música	2,82	2,93	2,98	3,18
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	2,94	3,05	3,06	3,26
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	2,90	3,14	3,24	3,48
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,67	3,02	3,03	3,15
Educación cultural	2,78	3,03	2,99	3,22
Actividades das administracións públicas	2,68	3,11	3,06	3,10
Total	2,82	3,06	3,05	3,24
<i>Facturación en 2023</i>				
Menos de 50.000 €	2,64	2,90	2,86	2,98

De 50.000 a 149.999 €	2,85	3,14	3,13	3,30
De 150.000 a 499.999 €	2,94	3,04	3,09	3,39
500.000 € ou máis	3,05	3,27	3,28	3,48
Ns/Nc	2,63	3,22	3,17	3,32
Total	2,82	3,06	3,05	3,24

Fonte: Elaboración propia

En canto ás expectativas para 2024, o contraste entre unha peor percepción da evolución da economía xeral e unha visión máis optimista con respecto á situación do sector cultural, do ámbito de actividade e da entidade propia percíbese de xeito similar a cando se describe a evolución do ano pasado. A agregación das respostas de signo positivo («mellor» e «moito mellor») volve ofrecer porcentaxes máis elevadas canto máis próximo é o ámbito analizado, pois pasa dun 28,4% no caso da economía en xeral a un 31,4% no do sector cultural, a un 34% para o sector específico de actividade e, finalmente, a un 40,9% no caso da propia entidade. Deste xeito, tal como ocorría coa valoración da evolución do ano rematado, tamén na expresión das expectativas para o ano seguinte se observa máis optimismo con respecto á propia entidade que ao contexto. En canto ás expectativas para a evolución da propia entidade en 2024, as respostas positivas superan en 25,5 puntos porcentuais as negativas.


Porcentaxe de entidades segundo as expectativas para 2024 de cada un dos seguintes factores



Fonte: Elaboración propia

De forma coherente, a análise destas categorías de resposta nunha escala do 1 ao 5 ofrece o seu valor máis baixo na expresión das expectativas con respecto á economía en xeral (2,96), mentres que supera o 3 nos restantes eidos, dos cales obtén a puntuación máis elevada a evolución económica esperada para a propia entidade (3,29). En todo caso, nos catro ámbitos obsérvanse perspectivas menos optimistas para 2024 que as expresadas na anterior edición do estudo con respecto a 2023, como xa acontecía en 2023 con relación ás expectativas manifestadas para o ano 2022. Obsérvase, pois, unha progresiva rebaixa das expectativas desde 2022, malia que ese ano estaba moi condicionado pola confianza ou esperanza na recuperación da actividade cultural tras a pandemia da COVID-19.

Valoración media das expectativas de cada un dos seguintes factores (escala 1-5)




Fonte: Elaboración propia

Esta percepción de desaceleración tamén se observa ao comparar as expectativas manifestadas en 2022 de cara a 2023 e a evolución real obtida en 2023, con lixeiras caídas (de entre 0,14 e 0,20 puntos) nos catro ámbitos.



Comparación entre as expectativas e a valoración para 2023 (escala 0-5)



Fonte: Elaboración propia

O cruzamento por facturación amosa o menor nivel de optimismo no treito de menos de 50.000 euros e o máis elevado no de 500.000 euros ou máis. En canto ao tipo de entidade, obsérvanse valores máis optimistas entre os organismos da Administración pública e as entidades sen ánimo de lucro que entre as empresas e os profesionais autónomos.

Puntuación media das expectativas para 2024 con respecto a 2023 (escala 1-5)

	A economía en xeral	O sector cultural en xeral	O sector de actividade	A entidade
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	2,96	3,18	3,14	3,27
Profesional autónomo	2,82	2,91	2,94	3,13
Administración pública	3,05	3,25	3,26	3,37
Entidade sen ánimo de lucro	3,00	3,24	3,24	3,46
Total	2,96	3,15	3,14	3,29
<i>Facturación en 2023</i>				
Menos de 50.000 €	2,89	3,04	3,02	3,17
De 50.000 a 149.999 €	2,95	3,21	3,17	3,29
De 150.000 a 499.999 €	2,94	3,14	3,15	3,34
500.000 € ou máis	3,13	3,33	3,31	3,44
Ns/Nc	3,11	3,23	3,33	3,44
Total	2,96	3,15	3,14	3,29

Fonte: Elaboración propia

3. Evolución en 2023 e expectativas para 2024 de ingresos, emprego, demanda e prezos

Un 38,1% das entidades que compoñen a mostra de estudo manifesta unha evolución positiva dos seus ingresos ao longo de 2023, é dicir, afirma que estes aumentaron, ou ben levemente ou ben significativamente, con respecto a 2022, unha porcentaxe 15,7 puntos superior á das entidades que experimentaron algún descenso (22,5%). Un 37,8% afirma que neste aspecto tivo estabilidade en relación co ano anterior.

En canto ás expectativas para 2024, un 37,4% das entidades responde en termos positivos e un 14,4% en termos negativos, aínda que a resposta máis habitual é a que prevé estabilidade (44,7%). Con estes datos, as respostas positivas na expresión das expectativas para 2024 son moi similares ás da valoración da situación en 2023, pero as negativas son 8,1 puntos inferiores, o que se explica cos case 7 puntos máis das respostas que prevén estabilidade.

Porcentaxe de entidades segundo a evolución da facturación/orzamento en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024

	Evolución en 2023	Expectativas para 2024
Descenso significativo	6,4	3,7
Descenso leve	16,0	10,7
Estabilidade	37,8	44,7
Aumento leve	29,0	32,5
Aumento significativo	9,1	4,9
Ns/Nc	1,6	3,5

Fonte: Elaboración propia

Estes datos teñen o seu reflexo nos valores medios que se extraen da recodificación das respostas nunha escala do 1 ao 5, de xeito que a valoración da evolución da facturación ou do orzamento durante 2023 se sitúa en 3,19 e a expectativa de evolución para 2024 en 3,25.

Ao comparar estes datos cos achegados polas anteriores edicións do *Barómetro*, obsérvase a peor valoración da serie no que atinxe ao exercicio xa concluído (pasouse do 3,23 de 2021 ao actual 3,19), pero unhas expectativas que, malia non acadar as expresadas para 2022 (3,49), si logran manter e mesmo superar en 5 centésimas as expresadas para 2023 (3,20).

Valoración da evolución da facturación/orzamento das entidades con respecto ao ano rematado e expectativas para o ano seguinte (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativas para o ano seguinte		
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica	
2021	3,23	1,18	2022	3,49	0,90
2022	3,35	1,07	2023	3,20	0,93
2023	3,19	1,03	2024	3,25	0,86

Fonte: Elaboración propia

Por sector de actividade, os máis satisfeitos coa evolución son os do audiovisual (3,52) e as artes gráficas (3,36), mentres que só o comercio de libros e publicacións periódicas puntuou a evolución dos ingresos cun valor inferior ao 3 (2,98). Esas puntuacións son máis elevadas canto maiores son a facturación da entidade e o seu volume de persoal. De feito, a peor valoración da evolución é a sinalada polas entidades que só contan con persoal voluntario (categoría composta na maior parte por asociacións).

Nas expectativas da evolución da facturación ou orzamento para 2024, o cruzamento por actividade específica volve amosar a mellor puntuación no audiovisual (3,49), malia que neste caso as que achegan uns valores por debaixo do 3 son as entidades dedicadas ao teatro, á danza e a outras actividades das artes escénicas (2,98) e ao comercio de libros e publicacións periódicas (2,91). Por ingresos, son as entidades do intervalo máis baixo as que conceden unha menor puntuación ás súas expectativas de facturación para 2024 (3,12) e as do máis alto as que achegan o valor máis optimista (3,47). Tamén se observan valores máis elevados canto maior é o volume de persoal das entidades.

Valoración media da evolución da facturación/orzamento das entidades en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024 (escala 1-5)

	Evolución en 2023	Expectativas para 2024
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,36	3,34
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,98	2,91
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,12	3,21
Audiovisual e actividades relacionadas	3,52	3,49
Artes visuais	3,08	3,23
Música	3,16	3,16

DOCUMENTOS DE TRABAJO


Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,19	2,98
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,26	3,32
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,15	3,16
Educación cultural	3,16	3,38
Actividades das administracións públicas	3,21	3,22
Total	3,19	3,25
<i>Facturación en 2023</i>		
Menos de 50.000 €	2,84	3,12
De 50.000 a 149.999 €	3,26	3,30
De 150.000 a 499.999 €	3,35	3,24
500.000 € ou máis	3,65	3,47
Ns/Nc	3,07	3,36
Total	3,19	3,25
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>		
Ningún, só persoal voluntario	2,61	3,12
1 ou 2 empregados/as	3,06	3,15
De 3 a 5 empregados/as	3,22	3,30
De 6 a 10 empregados/as	3,34	3,32
Máis de 10 empregados/as	3,35	3,37
Ns/Nc	3,43	3,53
Total	3,19	3,25

Fonte: Elaboración propia

En canto á evolución do volume de emprego ao longo de 2023, un 74,7% afirma que tivo estabilidade con respecto ao ano anterior. Entre as respostas que indican cambios, as que sinalan algún incremento do volume de persoal (15,8%) duplican as que din que experimentaron algún descenso (7,6%).

As expectativas para 2024 mostran escasas diferenzas con respecto á situación vivida en 2023, pois un 77,3% prevé estabilidade, un 13,1% algún incremento e un 6,9% algún descenso.

Porcentaxe de entidades segundo a evolución do volume de emprego (número de traballadores/as) en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024



Fonte: Elaboración propia

O predominio da estabilidade no volume de emprego apréciase tamén ao analizar as respostas como puntuacións. Así, se se ten en conta que na escala o 3 é o valor numérico que corresponde á resposta «estabilidade», pode comprobarse que en materia de emprego a situación media das entidades enquisadas durante 2023 se sitúa no 3,09 e, no caso das expectativas para 2024, no 3,07. Estes valores son moi semellantes aos do ano anterior, pero con respecto aos datos da primeira edición do estudo denotan unha melloría. En cambio, a expectativa é máis negativa para 2024 da que se tivo no seu día para 2022 (3,19), cando o sector aínda estaba en pleno proceso de recuperación tras a crise sanitaria.

Cos datos ofrecidos, tanto pola valoración de cada ano como polas expectativas, pódese comprobar que se cumpriron as previsións con respecto a 2023, xa que neste indicador a expectativa se situaba nun 3,08 e a realidade foi valorada cun 3,09.



Valoración media da evolución do volume de emprego (número de traballadores/as) das entidades no ano rematado e expectativas para o ano seguinte (escala 1-5)

	Valoración da evolución no ano rematado		Expectativas para o ano seguinte		
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica	
2021	2,99	0,72	2022	3,19	0,56
2022	3,15	0,70	2023	3,08	0,59
2023	3,09	0,62	2024	3,07	0,54

Fonte: Elaboración propia

É relevante o cruzamento por tipo de entidade, pois rexístranse valores lixeiramente máis baixos entre as do ámbito empresarial —empresas (3,09) e profesionais autónomos (3,06)— que entre as administracións públicas (3,11) e as entidades sen ánimo de lucro (3,14), aínda que nas catro categorías se supera o 3, valor que se corresponde coa estabilidade. Por outra parte, a puntuación para 2023 é máis elevada canto maiores son o nivel facturación da entidade e o seu volume de persoal.

A previsión para 2024 achega tamén valores medios máis elevados canto maior é o treito da facturación ou orzamento. Segundo o cruzamento por volume de persoal, o valor máis elevado destas expectativas corresponde ás entidades sen persoal empregado (3,29). Despois desta categoría pódese observar unha mellor expectativa de mantemento ou incremento do cadro de persoal nos dous intervalos de seis traballadores/as en diante (3,16 en cada un), mentres que nos dous intervalos máis baixos os valores se manteñen próximos ao 3, é dicir, sen apenas superar o valor que identifica a estabilidade.

Valoración media da evolución do volume de emprego (número de traballadores/as) das entidades en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024 (escala 1-5)

	Evolución 2023	Expectativa 2024
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	3,09	3,06
Profesional autónomo	3,06	2,99
Administración pública	3,11	3,11
Entidade sen ánimo de lucro	3,14	3,13
Total	3,09	3,07
<i>Facturación en 2023</i>		
Menos de 50.000 €	2,99	2,99
De 50.000 a 149.999 €	3,08	3,04
De 150.000 a 499.999 €	3,14	3,07
500.000 € ou máis	3,30	3,29




Ns/Nc	3,16	3,07
Total	3,09	3,07
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>		
Ningún, só persoal voluntario	2,97	3,29
1 ou 2 empregados/as	2,98	3,03
De 3 a 5 empregados/as	3,05	3,00
De 6 a 10 empregados/as	3,23	3,16
Máis de 10 empregados/as	3,30	3,16
Ns/Nc	3,11	3,14
Total	3,09	3,07

Fonte: Elaboración propia

En relación coa contratación atópanse os custos laborais. Un 61,7% das empresas e entidades do sector cultural galego enquisadas afirma que ao longo de 2023 experimentou un aumento destes custos: un 47,4% un aumento leve e un 14,4% un aumento significativo. Tan só un 2,2% experimentou algún descenso e un 30,5% observou estabilidade.

En canto ás expectativas para 2024, a agregación das respostas que prevén algún tipo de incremento no custo por persoa empregada son de novo as predominantes, pero nunha porcentaxe inferior á das que constataban ese incremento o ano pasado (52,6%). Ao tempo, é tamén menor a porcentaxe das que prevén algún descenso no custo por persoa empregada (1,6%), e recóllese un incremento de 7,8 puntos porcentuais na categoría que prevé estabilidade (38,3%).

Porcentaxe de entidades segundo a evolución dos custos laborais totais por persoa empregada en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024



Fonte: Elaboración propia

A análise destas respostas como valores dunha escala do 1 ao 5 sitúa no 3,78 a evolución dos custos de persoal en 2023, unha posición máis próxima ao incremento leve que á estabilidade, mentres que as expectativas para 2024 se sitúan nun valor lixeiramente inferior (3,65).

A serie temporal neste caso abrangue só dous anos, pois trátase de variables incorporadas por primeira vez na segunda edición do *Barómetro*, é dicir, na do pasado ano. En todo caso, os datos mostran unha evolución do custo total por persoa empregada moi similar á constatada con respecto a 2022 e unhas expectativas practicamente idénticas ás da pasada edición.

Valoración da evolución dos custos laborais totais por persoa empregada das entidades en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024 (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativas para o ano seguinte		
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica	
2022	3,70	0,81	2023	3,62	0,79
2023	3,78	0,74	2024	3,65	0,70

Fonte: Elaboración propia

Segundo a análise en función da actividade á que se dedica a entidade, comprobouse que todos os segmentos presentan valores por riba do 3,60, coa única excepción do ámbito das bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas (3,49). As entidades que en maior medida declaran que experimentaron algún incremento no custo por persoa empregada durante 2023 son as dedicadas ás artes gráficas (3,98) e ao teatro, danza e outras actividades escénicas (3,90). Nesta cuestión tamén é significativo o cruzamento por tipo de entidade, pois a análise evidencia maiores incrementos nos custos totais por persoa empregada nas empresas (3,86) e nos profesionais autónomos (3,78) que nas administracións públicas (3,59) ou nas entidades sen ánimo de lucro (3,56). Polo demais, a puntuación media que cuantifica a evolución deste custo é máis elevada canto maior é o volume de facturación da entidade. Ademais, presenta valores máis elevados nos dous intervalos máis altos do cruzamento por volume de persoal (3,90 e 3,88).

As entidades dedicadas ás artes gráficas son tamén as que teñen máis expectativas de novos incrementos (3,87), e cómpre destacar tamén as puntuacións que outorgan as entidades dedicadas á edición (3,73) e ao comercio de libros e publicacións periódicas (3,71). As entidades que ache-

gan os valores máis baixos son as bibliotecas e arquivos (3,49) e as dedicadas á música (3,51), que fican a media distancia entre a previsión de estabilidade e a de incremento leve.

As expectativas de novas subas no custo total unitario por profesional son máis elevadas canto maior é o volume de facturación da entidade e máis numeroso o seu cadro de persoal.


Valoración media da evolución dos custos laborais totais por persoa empregada en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024 (escala 1-5)

	Evolución en 2023	Expectativas para 2024
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,98	3,87
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,78	3,71
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,88	3,73
Audiovisual e actividades relacionadas	3,74	3,60
Artes visuais	3,82	3,65
Música	3,71	3,51
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,90	3,53
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,73	3,68
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,49	3,49
Educación cultural	3,61	3,60
Actividades das administracións públicas	3,69	3,63
Total	3,78	3,65
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	3,86	3,72
Profesional autónomo	3,78	3,52
Administración pública	3,59	3,58
Entidade sen ánimo de lucro	3,56	3,55
Total	3,78	3,65
<i>Facturación en 2023</i>		
Menos de 50.000 €	3,61	3,45
De 50.000 a 149.999 €	3,79	3,64
De 150.000 a 499.999 €	3,83	3,79
500.000 € ou máis	4,03	3,92
Ns/Nc	3,80	3,45
Total	3,78	3,65
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>		
Ningún, só persoal voluntario	3,00	3,01
1 ou 2 empregados/as	3,67	3,50
De 3 a 5 empregados/as	3,85	3,71
De 6 a 10 empregados/as	3,90	3,78
Máis de 10 empregados/as	3,88	3,84
Ns/Nc	3,20	3,20
Total	3,78	3,65

Fonte: Elaboración propia

En canto á evolución do prezo dos insumos (subministracións, materias primas etc., necesarias para a actividade que desenvolven), a porcentaxe das entidades que experimentaron algún incremento durante 2023 é aínda superior á das que se viron afectadas polo aumento dos custos laborais (86,5%): un 40% constatou un aumento leve e un 46,5% un aumento significativo. A porcentaxe das que afirman que estes prezos permaneceron estables limítase a un 10,6% e as que sinalan algún tipo de descenso representan unicamente un 0,8%. Estes datos débense entender no contexto da crise inflacionista xeral e doutros factores relacionados. Con todo, quizais debido á confianza nos resultados das políticas de contención da inflación postas en marcha nos últimos tempos, a porcentaxe de entidades que prevén novos crecementos no custo dos insumos durante 2024 é tamén elevada (71,1%) mais 15,4 puntos inferior á das que experimentaron incrementos durante 2023. De maneira coherente con esta moderación das expectativas, a porcentaxe de entidades que prevén estabilidade acada un 24,1%. En todo caso, só un 1,1% da mostra prevé ou confía no descenso dos prezos dos seus insumos.

Porcentaxe de entidades segundo a evolución do prezo dos insumos (subministracións, materias primas) en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024



Fonte: Elaboración propia

A expresión numérica, en puntuacións dunha escala do 1 ao 5, das respostas sobre a evolución do prezo dos insumos en 2023 sitúase no 4,35, é dicir, nun valor por riba do 4 (co que se identifica o «aumento leve»), pero aínda a certa distancia do 5 (que equivale ao «aumento significativo»). Ese valor indica un incremento lixeiramente máis contido que o do ano 2022 (4,49), pero aínda superior ao rexistrado en 2021 (4,22).

No caso das expectativas, o valor co que se expresa a evolución esperada para 2024 fica por debaixo do 4 pero moi preto deste (3,95), polo que dá continuidade ao decrecemento observado desde 2022, ano para o que as expectativas de crecemento do prezo dos insumos se cifraban no 4,29.

As expectativas de crecemento para 2023, que xa eran elevadas (4,12), víronse superadas pola evolución real dese indicador ao longo do ano (4,35).

Valoración media da evolución do prezo dos insumos (subministracións, materias primas) das entidades no ano rematado e expectativas para o ano seguinte (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativas para o ano seguinte		
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica	
2021	4,22	0,85	2022	4,29	0,82
2022	4,49	0,76	2023	4,12	0,84
2023	4,35	0,70	2024	3,95	0,72

Fonte: Elaboración propia

Os cruzamentos só amosan diferenzas por actividade específica. Sinalan en maior medida incrementos nesta partida durante 2023 os departamentos de cultura das diferentes administracións, as entidades dedicadas ás artes gráficas (4,51 ambos) e as dedicadas ás artes visuais (4,48), aínda que as puntuacións medias superan o 4 tamén nos demais segmentos de actividade. Eses tres sectores, xunto coa educación cultural, son tamén os que achegan puntuacións medias máis altas no que atinxe ás previsións de novos incrementos durante 2024. Neste caso, as demais categorías presentan valores por debaixo do 4, pero sempre por riba do 3,7, é dicir, aínda moi por encima da estabilidade.


Valoración media da evolución do prezo dos insumos (subministracións, materias primas) das entidades en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024 (escala 1-5)

<i>Actividade específica</i>	Evolución en 2023	Expectativas para 2024
Artes gráficas e actividades relacionadas	4,51	4,00
Comercio de libros e publicacións periódicas	4,42	3,92
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	4,27	3,86
Audiovisual e actividades relacionadas	4,06	3,79
Artes visuais	4,48	4,03
Música	4,21	3,72
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	4,40	3,85
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	4,27	3,93
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	4,15	3,90
Educación cultural	4,39	4,09
Actividades das administracións públicas	4,51	4,14
Total	4,35	3,95

Fonte: Elaboración propia

Pese a este incremento dos prezos das subministracións, a porcentaxe de entidades que trasladaron as subas á clientela en 2023 é moi inferior, pois fica nun 39,6%, cun predominio da categoría que reflicte estabilidade (51,5%). Só un 1,7% das entidades da mostra rebaixou nalgunha medida os prezos das súas mercadorías (bens/servizos que produce). Esta diverxencia entre os incrementos dos insumos e das mercadorías xa se constatou tamén na pasada edición do *Barómetro*. Con respecto ás expectativas para 2024, a porcentaxe das entidades que prevén incrementar os prezos das mercadorías é dun 35,6%, moi por debaixo das que esperan un incremento dos insumos, e as que non prevén realizar cambios representan un 54,9%. Só un 1,1% prevé algunha redución.

Porcentaxe de entidades segundo a evolución do prezo das mercadorías (bens/servizos que producen) en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024



Fonte: Elaboración propia

Os índices extraídos como puntuacións de escala 1-5 amosan unha evolución media dos prezos das mercadorías en 2023 que se sitúa en 3,47 puntos, valor case idéntico ao do ano anterior, pero aínda claramente superior ao 3,21 que se rexistraba en 2021. As expectativas de incremento para 2024 sitúanse no 3,41, unha décima menos que as relativas ao ano 2023 e 8 centésimas menos que as de 2022. Deste xeito, aínda que é certo que as previsións para este ano teñen o valor máis baixo desta pequena serie temporal, as diferenzas son mínimas.

Neste caso, a evolución constatada en 2023 (3,47) é practicamente idéntica á expectativa expresada para ese ano na anterior edición do estudo (3,51).

Valoración media da evolución do prezo das mercadorías das entidades (bens/servizos que producen) do ano rematado e expectativas para o ano seguinte (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativas para o ano seguinte		
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica	
2021	3,21	0,68	2022	3,49	0,73
2022	3,48	0,74	2023	3,51	0,72
2023	3,47	0,66	2024	3,41	0,59

Fonte: Elaboración propia

Tanto na evolución durante 2023 como nas expectativas para 2024, a análise por actividades mostra valores que se sitúan entre o 3,23 e o 3,87, é dicir, superan a «estabilidade» pero sen chegar a consolidar o «aumento leve». As entidades que en maior medida incrementaron os prezos dos seus produtos son as dedicadas ás artes gráficas (3,72) e ao comercio de libros (3,87), en contraste coas vinculadas á educación cultural (3,33). Por tipo de entidade, recóllense puntuacións na orde do 3,5 no caso das empresas e dos profesionais autónomos e valores ao redor do 3,3 no caso das administracións públicas e das entidades sen ánimo de lucro.

En canto ás expectativas para 2024, as entidades que prevén maiores aumentos de prezos, aínda que con valores lixeiramente inferiores aos observados na evolución durante 2023, son de novo as dedicadas ás artes gráficas (3,62) e ao comercio de libros (3,65). De novo, presentan a expectativa de menor suba de prezos as entidades dedicadas á educación cultural (3,27) e ás actividades das administracións públicas (3,31). Nas previsións para 2024 rexístranse valores máis altos nas entidades de tipo empresarial (3,46 no caso das empresas e 3,42 no dos profesionais autónomos) e valores lixeiramente máis baixos nos dous tipos restantes (3,30 na Administración pública e 3,26 nas entidades sen ánimo de lucro).

Valoración media da evolución do prezo das mercadorías das entidades (bens/servizos que producen) en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024 (escala 1-5)

	Evolución en 2023	Expectativas para 2024
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,72	3,62
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,87	3,65
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,40	3,43
Audiovisual e actividades relacionadas	3,37	3,32
Artes visuais	3,46	3,42
Música	3,43	3,35
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,51	3,43
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,42	3,36
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,48	3,48
Educación cultural	3,33	3,27
Actividades das administracións públicas	3,23	3,31
Total	3,47	3,41




<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	3,51	3,46
Profesional autónomo	3,53	3,42
Administración pública	3,32	3,30
Entidade sen ánimo de lucro	3,29	3,26
Total	3,47	3,41

Fonte: Elaboración propia

En relación coa produción de bens e servizos, é dicir, a carga de traballo, un 47,8% das entidades entrevistadas experimentou algún aumento durante o ano 2023: un 34,3% leve e un 13,5% significativo. Así mesmo, a porcentaxe das que declaran estabilidade con respecto a 2022 é dun 38,2% e só un 12,3% declara que reduciu a súa produción. En canto ás previsións para 2024, a resposta predominante é a que prevé estabilidade con respecto a 2023 (47,2%) e a resposta agregada positiva, que prevé algún incremento, é a segunda en importancia porcentual (39,8%), aínda que nela o maior peso corresponde á categoría «aumento leve» (31,5%). Só un 10,3% da mostra prevé algún descenso na produción, porcentaxe 2 puntos inferior á das entidades que xa observaron reducións durante 2023, polo que se poden considerar de xeito positivo tanto a evolución da produción do sector cultural en 2023 como as expectativas de cara a 2024.

Porcentaxe de entidades segundo a evolución da produción de bens e servizos (carga de traballo) en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024



Fonte: Elaboración propia

Mediante a interpretación destas respostas como valores nunha escala do 1 ao 5, a evolución da carga de traballo durante 2023 no conxunto da mostra cífrase no 3,45, é dicir, entre a estabilidade e o aumento leve, o que supón un leve retroceso con respecto ao ano anterior, cando se situaba no 3,61, e un índice moi similar ao recollido en 2021.

No caso das expectativas para 2024 a previsión sitúase no 3,36, valor catro décimas por debaixo da media das recollidas no anterior estudo e que, malia seguir sendo positivo, supón a cifra máis baixa da serie temporal de tres anos da que se dispón.

Por outra parte, á vista do valor que representaban as expectativas de crecemento da produción para 2023 (3,75), a evolución observada nese ano (3,45), aínda que claramente positiva, situouse por debaixo do agardado.

Valoración media da evolución da produción de bens e servizos (carga de traballo) do ano rematado e expectativas para o ano seguinte (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativas para o ano seguinte		
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica	
2021	3,42	1,11	2022	3,62	0,86
2022	3,61	0,99	2023	3,75	1,51
2023	3,45	0,98	2024	3,36	0,86

Fonte: Elaboración propia

A análise cruzada mostra que a evolución da produción de bens e servizos culturais durante 2023 presenta valores por riba do 3 en todos os segmentos habituais, o mesmo que acontece en relación coas expectativas para 2024.

Segundo os datos da evolución de 2023, o cruzamento por actividade específica amosa que as entidades que en maior medida viron crecer a súa carga de traballo son as dedicadas ás actividades das administracións públicas (3,89) e os museos (3,84), xa que son as únicas que superan o 3,8. Fronte a estas atópanse as dedicadas ao comercio de libros (3,22), que son as que rexistraron un incremento menos intenso. O aumento da produción durante 2023 foi maior canto máis alto é o nivel de ingresos da entidade. Ademais, recolléronse puntuacións máis altas nos dous intervalos de maior volume de persoal (é dicir, de seis persoas empregadas en adiante), con valores na orde do 3,65, fronte ao 3,25 das entidades que non teñen máis que un ou dous profesionais ou das que só contan con persoal voluntario.

De novo, tamén teñen maiores expectativas para 2024 as administracións públicas (3,76) e os museos (3,69), puntuacións que contrastan especialmente co valor achegado polas entidades dedicadas ao comercio de libros, cuxa previsión se sitúa practicamente nunha posición de estabilidade (3,08).

As expectativas incrementáanse lixeiramente a medida que o fai a facturación (do 3,22 ao 3,51), tendencia que se repite en función do volume de persoal.


Valoración media da evolución da produción de bens e servizos (carga de traballo) das entidades en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024 (escala 1-5)

	Evolución en 2023	Expectativas para 2024
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,47	3,42
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,22	3,08
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,30	3,34
Audiovisual e actividades relacionadas	3,50	3,50
Artes visuais	3,36	3,25
Música	3,30	3,12
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,41	3,11
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,84	3,69
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,70	3,58
Educación cultural	3,63	3,47
Actividades das administracións públicas	3,89	3,76
Total	3,45	3,36
<i>Facturación en 2023</i>		
Menos de 50.000 €	3,14	3,22
De 50.000 a 149.999 €	3,54	3,31
De 150.000 a 499.999 €	3,60	3,50
500.000 € ou máis	3,75	3,51
Ns/Nc	3,69	3,75
Total	3,45	3,36
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>		
Ningún, só persoal voluntario	3,25	3,11
1 ou 2 empregados/as	3,25	3,22
De 3 a 5 empregados/as	3,53	3,42
De 6 a 10 empregados/as	3,69	3,45
Máis de 10 empregados/as	3,63	3,51
Ns/Nc	3,62	3,65
Total	3,45	3,36

Fonte: Elaboración propia

Se se observa a demanda dos produtos/servizos durante 2023, un 45,3% das entidades da cultura galega experimentou algún incremento (un 35,7% leve e un 9,6% significativo), un 39,1% non tivo cambios relevantes con respecto ao ano anterior e só un 13,8% manifesta que tivo algún descenso. No caso das previsións para 2024, a expectativa máis expresada é a da estabilidade (48,3%), aínda que tamén é importante en termos porcentuais o volume de respostas agregadas que prevén algún incremento (38%). A porcentaxe de entidades que espera algún descenso é dun 10,6%, o que supón 3,2 puntos menos que a das que sufriron esta circunstancia durante 2023.

Porcentaxe de entidades segundo a evolución da demanda dos produtos/servizos en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024



Fonte: Elaboración propia

A análise por medias sitúa o comportamento da demanda durante 2023 no 3,38, é dicir, por riba da «estabilidade» e avanzando cara ao «incremento leve». Este valor queda a medio camiño entre o rexistrado en 2022 (3,47) e o recollido en 2021 (3,30). A expectativa de crecemento da demanda para 2024 sitúase no 3,31, o que representa un descenso na serie temporal desde as elevadas expectativas formuladas en 2021 para 2022 (3,62), pero encóntrase aínda nun polo positivo ao prever incrementos ano a ano.

Así, se se teñen en conta as expectativas que na pasada edición do estudo se formulaban para a evolución da demanda durante 2023 (3,37) e

se comparan coa valoración da evolución dese mesmo ano (3,38), pódese dicir que se acadaron as expectativas.

Valoración da evolución da demanda dos produtos/servizos da entidade no ano rematado con respecto ao ano anterior e expectativas para o ano seguinte (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado			Expectativas para o ano seguinte	
	Media	Desviación típica		Media	Desviación típica
2021	3,30	1,10	2022	3,62	0,83
2022	3,47	0,95	2023	3,37	0,88
2023	3,38	0,93	2024	3,31	0,81

Fonte: Elaboración propia

Como tamén ocorría coa evolución da produción ou carga de traballo, na análise do volume de demanda en función da actividade específica da entidade volven destacar os museos e entidades relacionadas co patrimonio e os departamentos de cultura das administracións por seren as que achegan as puntuacións máis altas, tanto na evolución en 2023 como nas previsións para 2024 (valores lixeiramente por riba do 3,7 en cada caso). As entidades dedicadas ao comercio de libros volven ser as que dan a valoración máis baixa da evolución durante o ano rematado (3,11), valor que, aínda que é o máis baixo do cruzamento, supera o nivel da «estabilidade». O cruzamento por ingresos amosa en ambos os indicadores —evolución en 2023 e expectativas para 2024— valores máis altos canto maior é o intervalo económico observado. As puntuacións da evolución durante 2023 son tamén máis elevadas canto maior é o volume de persoal da entidade. No caso das previsións, a relación non é plenamente directa, pero colléitanse igualmente valores máis altos nas entidades dos dous intervalos de maior volume de persoal (3,50 e 3,44) que nas de menos: 3,05 para as que teñen só persoal voluntario e 3,16 para as que contan con unha ou dúas persoas empregadas.

Valoración media da evolución da demanda dos produtos/servizos das entidades en 2023 con respecto a 2022 e expectativas para 2024 (escala 1-5)

	Evolución en 2023	Expectativas para 2024
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,49	3,32
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,11	3,00



Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,21	3,27
Audiovisual e actividades relacionadas	3,43	3,41
Artes visuais	3,33	3,21
Música	3,29	3,16
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,25	3,11
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,75	3,72
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,60	3,59
Educación cultural	3,53	3,39
Actividades das administracións públicas	3,71	3,74
Total	3,38	3,31
<i>Facturación en 2023</i>		
Menos de 50.000 €	3,12	3,20
De 50.000 a 149.999 €	3,46	3,26
De 150.000 a 499.999 €	3,52	3,38
500.000 € ou máis	3,60	3,48
Ns/Nc	3,57	3,61
Total	3,38	3,31
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>		
Ningún, só persoal voluntario	2,82	3,05
1 ou 2 empregados/as	3,22	3,16
De 3 a 5 empregados/as	3,42	3,34
De 6 a 10 empregados/as	3,52	3,50
Máis de 10 empregados/as	3,60	3,44
Ns/Nc	3,82	3,82
Total	3,38	3,31

Fonte: Elaboración propia

4. Inversións e subvencións


A realización de inversións é un indicador de dinamismo, pois adoita ser consecuencia dunha situación de crecemento e da existencia de boas expectativas para o futuro inmediato.

Un 54,6% das entidades que compoñen a mostra realizou algún investimento ao longo de 2023, porcentaxe que dá continuidade a unha tendencia de crecemento deste indicador ao longo dos tres anos da serie temporal dispoñible, que en 2021 se situaba nun 50,8%.

En relación coas previsións para 2024, a porcentaxe de entidades que prevén acometer inversións sitúase nun 50,7%. Este valor supera en 2,1 puntos a expectativa expresada en 2022 con respecto a 2023 e achégase á

cifra recollida neste ítem en 2021. Así, a perspectiva de realizar investimentos entre as entidades da cultura galega mantense ao redor dun 50% en toda a serie temporal dispoñible.

Porcentaxe de entidades que realizaron algún investimento en 2023 e/ou teñen previsto realizalo en 2024



Fonte: Elaboración propia

Á vista dos datos sobre expectativas e sobre investimentos realmente levados a cabo, obsérvase que o volume dos investimentos realizados en 2023 superou en 6 puntos porcentuais as expectativas ao respecto formuladas no ano anterior.

Porcentaxe de entidades que realizaron algún investimento e/ou teñen previsto realizalo

	Realizado	Previsto
2021	50,8	2022 51,0
2022	52,6	2023 48,6
2023	54,6	2024 50,7

Fonte: Elaboración propia

A análise por actividade específica amosa que a porcentaxe de entidades que realizaron algún investimento en 2023 só é inferior ao 50% en segmentos como a edición (49,2%), o comercio de libros e publicacións periódicas (39,6%) e as artes visuais (45,5%). Os sectores en que maior porcen-

taxe de entidades realizaron investimentos son o das actividades de regulación das administracións públicas, é dicir, os departamentos de cultura dos distintos niveis administrativos (71,9%), e o do audiovisual (70,1%).

De feito, segundo a análise por tipo de entidade, no segmento das administracións públicas é no que maior porcentaxe de entidades investiron en 2023 (67%), seguido do constituído por empresas (56,2%), en claro contraste cos profesionais autónomos (40,8%), que son os que menos investiron no pasado ano.

En canto á previsión para 2024, o cruzamento por actividade específica rexistra as porcentaxes de resposta positiva máis elevadas no segmento das actividades das administracións públicas e no da educación cultural, ambos con valores próximos a un 69%. Fronte a estes, o sector do comercio de libros é no que menor porcentaxe de entidades prevé investimentos (31,9%), aínda que tamén o das artes gráficas ofrece un valor relativamente baixo (36,4%). A análise por tipo de entidade permite comprobar que, de cumprírense as previsións, en 2024 volverán ser as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro as que en maior medida realicen investimentos: así o prevén un 69,9% e un 54,3% destes segmentos, respectivamente, fronte a un 44,3% das empresas e un 44% dos profesionais autónomos.

Tanto na realización de investimentos en 2023 como na previsión para 2024 obsérvanse maiores porcentaxes de resposta positiva canto maiores son o volume de facturación da entidade e o volume de persoal.

Porcentaxe de entidades que realizaron algún investimento ao longo de 2023 e/ou teñen previsto realizalo en 2024

	Realizado en 2023	Previsto para 2024
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	50,9	36,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	39,6	31,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	49,2	44,9
Audiovisual e actividades relacionadas	70,1	60,8
Artes visuais	45,5	43,1
Música	54,3	53,3
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	63,1	53,6
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	57,6	65,2
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	61,5	58,2

DOCUMENTOS DE TRABALLO

Educación cultural	66,2	69,0
Actividades das administracións públicas	71,9	68,8
Total	54,6	50,7
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	56,2	46,1
Profesional autónomo	40,8	44,0
Administración pública	67,0	69,9
Entidade sen ánimo de lucro	48,2	54,3
Total	54,6	50,7
<i>Facturación en 2023</i>		
Menos de 50.000 €	44,6	44,3
De 50.000 a 149.999 €	51,5	50,0
De 150.000 a 499.999 €	65,2	54,3
500.000 € ou máis	71,1	65,2
Ns/Nc	41,6	32,7
Total	54,6	50,7
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>		
Ningún, só persoal voluntario	15,7	49,5
1 ou 2 empregados/as	41,4	41,4
De 3 a 5 empregados/as	59,5	50,0
De 6 a 10 empregados/as	66,3	51,3
Máis de 10 empregados/as	70,8	71,4
Ns/Nc	58,4	58,4
Total	54,6	50,7


Fonte: Elaboración propia

Con respecto ás subvencións, durante 2023 un 43,7% das entidades enquisadas solicitou e obtivo algunha subvención. Se a esta porcentaxe se suma o 8% das que fixeron solicitudes pero obtiveron unha resposta negativa, conclúese que, con independencia do resultado, un 51,7% das entidades da mostra solicitou algunha subvención.

En termos de evolución, a porcentaxe das entidades que solicitaron e obtiveron algunha subvención en 2023 medrou 7 décimas con respecto ao ano anterior, pero fica aínda a 4,2 puntos do valor rexistrado en 2021. A porcentaxe das que non fixeron ningunha solicitude acadou o seu valor máis alto, 3 puntos superior que o do comezo da serie temporal. Os incrementos destas dúas respostas con respecto a 2022 explícanse máis pola redución da falta de resposta (do 4,1% ao 1,7%) que da denegación de axuda (que caeu só 2 décimas, do 8,2% ao 8%).



Porcentaxe de entidades que solicitaron e/ou obtiveron algunha axuda ou subvención dalgunha Administración pública durante 2023



Fonte: Elaboración propia

A análise destes datos en función da actividade específica revela que a porcentaxe de entidades que non chegou a solicitar ningunha axuda económica da Administración pública só é a máis alta nos sectores das artes visuais (63,4%), as artes gráficas (60%) e o comercio de libros e publicacións periódicas (53,8%). Nos demais segmentos dese cruzamento o habitual é que solicitasen e recibisen algunha axuda, en maior proporción nos departamentos de cultura das diferentes administracións (81,2%), o sector da educación cultural (60,6%) e o do audiovisual (59,8%).

Por tipo de entidade, a resposta que sinala que non se solicitou ningunha subvención predomina entre as empresas (51,3%) e, dunha maneira máis destacada, entre os profesionais autónomos (62%). En relación con isto, só un 25,4% deste último grupo obtivo algunha axuda ou subvención, porcentaxe que se sitúa nun 39,2% no caso das empresas e que supera un 60% entre as administracións públicas (62,1%) e as entidades sen ánimo de lucro (66,1%).

O resto da análise segmentada pon de manifesto que a porcentaxe de entidades que en 2023 solicitaron e obtiveron algunha subvención é máis elevada canto maiores son o seu nivel de facturación e o seu volume de persoal. Non obstante, as entidades que non teñen persoal, só voluntario, solicitaron e/ou obtiveron máis subvencións que as que teñen 1 ou 2 empregados. Con estes datos, en 2023 a solicitude e obtención efectiva de axudas é a situación maioritaria no caso das entidades da Administración pública e o terceiro sector, así como no das entidades con polo menos seis profesionais no seu cadro de persoal ou cunha facturación superior aos 150.000 euros.

Porcentaxe de entidades que solicitaron e/ou obtiveron algunha axuda ou subvención dalgunha Administración pública durante 2023

	Solici- touna e obtivoa	Solicitouna pero foille denegada	Non a so- licitou	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	30,9	9,1	60,0	0,0
Comercio de libros e publicacións periódicas	37,4	7,7	53,8	1,1
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	46,6	7,6	44,9	0,8
Audiovisual e actividades relacionadas	59,8	8,2	29,9	2,1
Artes visuais	26,0	9,8	63,4	0,8
Música	48,9	8,7	41,3	1,1
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	50,0	4,8	44,0	1,2
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	49,2	6,8	38,6	5,3
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	49,5	3,3	40,7	6,6
Educación cultural	60,6	5,6	31,0	2,8
Actividades das administracións públicas	81,2	6,3	10,9	1,6
Total	43,7	8	46,6	1,7
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	39,2	8,1	51,3	1,4
Profesional autónomo	25,4	12,6	62,0	0,0
Administración pública	62,1	4,2	29,1	4,5
Entidade sen ánimo de lucro	66,1	6,0	26,9	1,0
Total	43,7	8,0	46,6	1,7
<i>Facturación en 2023</i>				
Menos de 50.000 €	34,4	9,3	55,7	0,7
De 50.000 a 149.999 €	43,5	7,6	48,1	0,8
De 150.000 a 499.999 €	52,7	7,0	39,6	0,8
500.000 € ou máis	56,1	7,7	31,5	4,7
Ns/Nc	27,7	3,9	50,6	17,8
Total	43,7	8,0	46,6	1,7

DOCUMENTOS DE TRABALLO



Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023


Ningún, só persoal voluntario	37,3	3,5	55,5	3,7
1 ou 2 empregados/as	34,7	9,0	56,1	0,2
De 3 a 5 empregados/as	41,9	8,9	47,1	2,1
De 6 a 10 empregados/as	51,9	8,6	37,9	1,6
Máis de 10 empregados/as	60,2	4,2	32,2	3,4
Ns/Nc	56,3	5,2	14,6	23,9
Total	43,7	8,0	46,6	1,7

Fonte: Elaboración propia

En canto ás contías das axudas recibidas, un 24,6% das entidades da cultura galega que obtiveron algunha subvención en 2023 percibiu menos de 3.000 euros, un 27,5% entre 3.001 e 10.000 euros, un 20,6% entre 10.001 e 30.000 euros, un 7,7% entre 30.001 e 50.000 euros e un 16,5% máis de 50.000 euros. Con estes datos, un 52,1% das entidades da mostra que fixeron algunha solicitude percibiu menos de 10.000 euros e un 24,2% máis de 30.000 euros, porcentaxe que se foi incrementando ao longo destes tres anos ata superar en 5,4 puntos o dato do comezo da serie.



Porcentaxe de entidades segundo a contía de todas as axudas/subvencións recibidas



Variable filtrada. Aplícase só ás entidades que solicitaron e recibiron algunha subvención ao longo de 2023

Fonte: Elaboración propia

Para a análise segmentada pódese prestar atención a dous intervalos agregados: menos de 10.000 euros e máis de 30.000 euros. Deste xeito, a percepción das contías por riba dos 30.000 euros só predomina nos segmentos do teatro, danza e outras artes escénicas (45,2%), do audiovisual (44,8%), dos museos e actividades vencelladas ao patrimonio (43,1%) e das actividades das administracións públicas (38,5%). Nos demais, a resposta máis habitual sinala a obtención de axudas por un valor total de menos de 10.000 euros, sobre todo nas entidades do comercio de libros (88,2%), segmento en que un 61,8% das entidades percibe menos de 3.000 euros, así como nas entidades das artes visuais (78,1%) e das artes gráficas (76,5%) e nas bibliotecas e arquivos (75,6%).

En función do tipo de entidade, puido comprobarse que nos catro segmentos predominan as contías inferiores aos 10.000 euros, pero con datos moi dispares, pois mentres que un 84,8% dos profesionais autónomos da mostra que solicitaron axudas percibiu menos desa contía, a porcentaxe é dun 50,9% no caso das empresas e dun 45,8% nas administracións públicas e nas entidades sen ánimo de lucro. Un 30% das administracións públicas e un 32% das entidades sen ánimo de lucro percibiron axudas de máis de 30.000 euros.

Segundo o nivel de facturación, as contías por debaixo dos 10.000 euros foron as predominantes nos tres niveis máis baixos, é dicir, de menos de 500.000 euros. Só no caso das entidades que facturan máis desa contía predominaron as que percibiron máis de 30.000 euros de axudas (46,4%).

A porcentaxe de entidades que solicitaron e percibiron menos de 10.000 euros é máis elevada canto menor é o seu volume de persoal. En cambio, a porcentaxe das que perciben máis de 30.000 euros experimenta a tendencia contraria.

DOCUMENTOS DE TRABALLO

Porcentaxe de entidades segundo a contía de todas as axudas/subvencións recibidas

	Menos de 3.000 €	De 3.001 € a 10.000 €	De 10.001 € a 30.000 €	De 30.001 € a 50.000 €	Máis de 50.000 €	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>						
Artes gráficas e actividades relacionadas	41,2	35,3	17,6	0,0	0,0	5,9
Comercio de libros e publicacións periódicas	61,8	26,5	2,9	2,9	2,9	2,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	18,2	34,5	18,2	7,3	12,7	9,1
Audiovisual e actividades relacionadas	8,6	13,8	32,8	12,1	32,8	0,0
Artes visuais	40,6	37,5	18,8	0,0	3,1	0,0
Música	20,0	26,7	26,7	4,4	17,8	4,4
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	14,3	14,3	23,8	19	26,2	2,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	13,8	18,5	23,1	10,8	32,3	1,5
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	22,2	53,3	13,3	4,4	4,4	2,2
Educación cultural	25,6	30,2	14,0	9,3	16,3	4,7
Actividades das administracións públicas	9,6	21,2	23,1	17,3	21,2	7,7
Total	24,6	27,5	20,6	7,7	16,5	3,1
<i>Tipo de entidade</i>						
Empresa	25,4	25,5	24,8	7,2	14,2	2,9
Profesional autónomo	64,3	20,5	3,7	3,1	8,4	0,0
Administración pública	19,1	26,7	18,4	11,4	18,6	5,8
Entidade sen ánimo de lucro	7,6	38,2	20,6	6,8	25,2	1,6
Total	24,6	27,5	20,6	7,7	16,5	3,1
<i>Facturación en 2023</i>						
Menos de 50.000 €	35,2	32,8	19,3	3,3	5,8	3,6
De 50.000 a 149.999 €	24,0	24,7	21,1	9,7	17,7	2,7
De 150.000 a 499.999 €	29,5	26,4	19,9	7,2	15,7	1,3
500.000 € ou máis	3,4	21,4	24	12,8	33,7	4,8
Ns/Nc	6,2	74,0	5,8	0,0	0,0	14,1
Total	24,6	27,5	20,6	7,7	16,5	3,1
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>						
Ningún, só voluntarios	28,7	42,1	9,4	9,9	9,9	0,0
1 ou 2 empregados	40,8	29,2	15,1	3,9	8,7	2,3
De 3 a 5 empregados	27,4	24,8	21,1	7,7	16,1	2,9
De 6 a 10 empregados	10,3	33,2	27,3	5,7	21,7	1,8
Máis de 10 empregados	11,2	24,0	21,3	14,3	23,9	5,4
Ns/Nc	0,0	13,6	72,8	0,0	13,6	0,0
Total	24,6	27,5	20,6	7,7	16,5	3,1

Fonte: Elaboración propia

5. Dixitalización

Para coñecer o avance no proceso de dixitalización o *Barómetro* contén variables coas que medir o volume das empresas e entidades da cultura galega que levaron a cabo medidas para impulsar a publicidade/comunicación dixital, a dotación de equipamento e software, a produción, creación ou venda de contidos dixitais, así como a formación do persoal en transformación dixital, ou que prevén facelo.

Porcentaxe de entidades que realizaron nos dous últimos anos ou teñen previsto realizar en 2024 avances en materia de dixitalización

	Realizado		Previsto
<i>Publicidade/comunicación dixital (incluídas as redes sociais)</i>			
2020-2021	66,2	2022	66,1
2021-2022	66,9	2023	68,3
2022-2023	66,1	2024	63,6
<i>Equipamento técnico e software</i>			
2020-2021	55,6	2022	50,0
2021-2022	53,5	2023	49,4
2022-2023	55,3	2024	49,6
<i>Produción/creación/venda de contidos dixitais</i>			
2020-2021	49,4	2022	50,3
2021-2022	50,4	2023	51,7
2022-2023	43,3	2024	44,0
<i>Formación do persoal en transformación dixital</i>			
2020-2021	39,9	2022	41,6
2021-2022	36,6	2023	39,6
2022-2023	36,6	2024	39,8

Fonte: Elaboración propia

O ámbito da publicidade/comunicación dixital, que inclúe as redes sociais, segue a ser no que a maior parte das entidades culturais manifestou que avanzou ao longo destes anos. Así, entre 2022 e 2023 un 66,1% das entidades enquisadas realizou actividades de publicidade ou comunicación dixital, porcentaxe 8 décimas inferior á da anterior edición do estudo e practicamente idéntica á recollida na primeira. A aposta pola dixitalización da comunicación segue firme tamén nas expectativas para 2024, pois un 63,6% das entidades ten previsto realizar actuacións, aínda que neste caso a evolución nos últimos tres anos acadou valores progresivamente inferiores. A porcentaxe de entidades que fixeron algún avance neste ámbito (66,1%) foi 2,2 puntos inferior á que se prevía na anterior edición do estudo.



O segundo ámbito relacionado coa dixitalización con maior incidencia é o da incorporación de equipamento técnico e software. Neste caso, un 55,3% das entidades incluíu este tipo de produtos e un 49,6% prevé facelo, valores moi semellantes aos rexistrados nas dúas anteriores edicións do *Barómetro*. En todo caso, a porcentaxe de entidades que realizaron avances nesta materia nos dous últimos anos é 5,4 puntos superior á previsión que ao respecto se mantiña no estudo do pasado ano.

Como terceiro ámbito de dixitalización sitúase a produción, creación ou venda de contidos dixitais, impulsadas por un 43,3% das entidades enquisadas, valor 7,1 puntos inferior ao do *Barómetro* anterior e 6,1 puntos inferior ao do primeiro. En canto ás expectativas, para 2024 prevese que avance nesta materia un 44% das entidades da mostra, 7,7 puntos porcentuais menos que no resultado recollido para 2023 na anterior edición do estudo e un 6,3% menos que na primeira.

Como nas dúas anteriores edicións do *Barómetro*, dos catro ámbitos analizados é a formación do persoal en transformación dixital no que menor porcentaxe de entidades afirma que presta atención (36,6%). Deste xeito, a porcentaxe de entidades que impulsaron este tipo de formación non acada as expectativas que para 2023 se expresaban na anterior edición do estudo (3 puntos porcentuais menos).

A aposta pola publicidade e/ou comunicación dixital salienta nos departamentos de cultura das administracións públicas (85,9%), así como nas entidades dedicadas á música (77,2%), ás demais artes escénicas (75%) e á educación cultural (76,1%). Nas previsións para 2024 volven destacar polas súas porcentaxes de resposta positiva as entidades dedicadas á educación cultural (81,7%), ás actividades das administracións públicas (78,1%), á música (75%) e á actividade museística (76,5%). Os sectores das artes gráficas (49,1%) e do comercio de libros (51,6%) son os que reflicten porcentaxes inferiores e tamén os que menos prevén algún avance para 2024.

As entidades sen ánimo de lucro son as que evolucionaron máis en publicidade ou comunicación dixital (80,1%), fronte a un 64,1% das empresas e un 52,7% dos profesionais autónomos. Tamén se observa a influencia do nivel de facturación, cunha maior porcentaxe de entidades que fixeron algún esforzo canto maiores son os ingresos: do 57,6% das que facturan

menos de 50.000 euros ao 78,8% das de medio millón de euros en diante. Ademais, a previsión para 2024 rexistra o seu valor máis baixo no menor intervalo (59%) e máis elevadas no máis alto (70%). Finalmente, atópase unha correlación positiva entre a publicidade/comunicación dixital e o volume de persoal.

Porcentaxe de entidades que avanzaron nos dous últimos anos ou teñen previsto impulsar en 2024 avances en materia de dixitalización de publicidade/comunicación dixital (incluídas as redes sociais)

	Realizado en 2022-2023	Previsto para 2024
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	49,1	45,5
Comercio de libros e publicacións periódicas	51,6	46,2
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	70,3	70,3
Audiovisual e actividades relacionadas	69,1	60,8
Artes visuais	6,01	58,5
Música	77,2	75,0
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	75,0	70,2
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	71,2	76,5
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	67,0	61,5
Educación cultural	76,1	81,7
Actividades das administracións públicas	85,9	78,1
Total	66,1	63,6
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	64,1	58,7
Profesional autónomo	52,7	59,1
Administración pública	76,8	76,4
Entidade sen ánimo de lucro	80,1	75,6
Total	66,1	63,6
<i>Facturación en 2023</i>		
Menos de 50.000 €	57,6	59,0
De 50.000 a 149.999 €	67,4	65,4
De 150.000 a 499.999 €	70,2	65,3
500.000 € ou máis	78,8	70,0
Ns/Nc	62,3	56,1
Total	66,1	63,6
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>		
Ningún, só persoal voluntario	63,1	48,2
1 ou 2 empregados/as	55,7	56,6
De 3 a 5 empregados/as	68,8	60,5
De 6 a 10 empregados/as	72,3	68,5
Máis de 10 empregados/as	80,3	79,2
Ns/Nc	90,3	95,1
Total	66,1	63,6

Fonte: Elaboración propia

En canto á incorporación de equipamento técnico e software, destacan as entidades do audiovisual (68%), da edición (63,6%) e das actividades das administracións públicas (62,5%). Fronte a estas distínguense, polas súas reducidas porcentaxes, os museos (34,8%), a música (38%) e o comercio de libros e publicacións periódicas (39,6%). A edición, o audiovisual e a educación cultural destacan tamén pola previsión de investimentos nesta materia, todos eles con porcentaxes entre o 55% e o 58%.

Neste caso, o cruzamento por tipo de entidade pon de relevo que son as empresas as que en maior medida compraron equipamento técnico e software (61,2%) e que prevén facelo (52,4%). En ambas as variables o valor máis baixo é o que achegan as entidades sen ánimo de lucro.

Por último, a incorporación de hardware e software para a dixitalización é máis evidente canto maior é o intervalo de facturación da entidade. Tamén aumenta canto maior é o seu volume de persoal: do 47,5% das que teñen 1 ou 2 traballadores/as ao 67,1% das de 10 traballadores/as ou máis as que xa fixeron este cambio, e do 42,5% ao 58,9% as que teñen previsto facelo.

Porcentaxe de entidades que avanzaron nos dous últimos anos ou teñen previsto impulsar en 2024 avances en materia de dixitalización en equipamento técnico e software

	Realizado en 2022-2023	Previsto para 2024
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	50,9	40,0
Comercio de libros e publicacións periódicas	39,6	27,5
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	63,6	56,8
Audiovisual e actividades relacionadas	68,0	55,7
Artes visuais	56,1	54,5
Música	38,0	30,4
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	51,2	39,3
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	34,8	43,2
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	51,6	47,3
Educación cultural	56,3	57,7
Actividades das administracións públicas	62,5	40,6
Total	55,3	49,6
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	61,2	52,5
Profesional autónomo	51,8	48,8
Administración pública	55,1	50,4



Entidade sen ánimo de lucro	31,3	34,6
Total	55,3	49,6
<i>Facturación en 2023</i>		
Menos de 50.000 €	42,5	41,9
De 50.000 a 149.999 €	55,2	44,1
De 150.000 a 499.999 €	60,3	57,0
500.000 € ou máis	79,8	66,3
Ns/Nc	54,1	61,0
Total	55,3	49,6
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>		
Ningún, só persoal voluntario	21,9	19,4
1 ou 2 empregados/as	47,5	42,5
De 3 a 5 empregados/as	56,7	51,8
De 6 a 10 empregados/as	63,5	54,9
Máis de 10 empregados/as	67,1	58,9
Ns/Nc	44,1	82,3
Total	55,3	49,6

Fonte: Elaboración propia

En canto á produción, creación e venda de contidos dixitais, o cruzamento por actividade amosa unha incidencia elevada no audiovisual (56,7%), a edición de libros (51,7%) e a actividade museística e de patrimonio (49,2%). Estes mesmos sectores son os que en maior medida prevén novas mello-ras, con valores entre o 52,6% e o 54,5%. En claro contraste con estes, o segmento do comercio de libros é no que é menor a porcentaxe de entida-des que manifestan que fixeron progresos nos dous últimos anos (12,1%) e que teñen previsto facelos en 2024 (15,4%).

Unha vez máis, a porcentaxe de entidades que aplicaron algunha ini-ciativa nesta cuestión é máis elevada canto maior é a súa facturación: pasa do 41,2% do treito económico máis baixo ao 56,1% do máis alto. Nas previ-sións a tendencia é similar. Como nos casos anteriores, obsérvase unha maior incidencia canto maior é o volume de persoal.

**Porcentaxe de entidades que avanzaron nos dous últimos anos ou teñen pre-
visto impulsar en 2024 avances en materia de dixitalización en produción,
creación e venda de contidos dixitais**

	Realizado en 2022-2023	Previsto para 2024
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	29,1	30,9
Comercio de libros e publicacións periódicas	12,1	15,4
Edición de libros, publicacións periódicas e acti- vidades relacionadas	51,7	53,4
Audiovisual e actividades relacionadas	56,7	52,6
Artes visuais	46,3	47,2

DOCUMENTOS DE TRABALLO



Música	37,0	37,0
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	31,0	33,3
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	49,2	54,5
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	36,3	41,8
Educación cultural	45,1	45,1
Actividades das administracións públicas	39,1	39,1
Total	43,3	44,0
<i>Facturación en 2023</i>		
Menos de 50.000 €	41,2	41,3
De 50.000 a 149.999 €	42,1	44,7
De 150.000 a 499.999 €	40,1	42,3
500.000 € ou máis	56,1	52,6
Ns/Nc	44,9	42,6
Total	43,3	44,0
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>		
Ningún, só persoal voluntario	7,0	30,1
1 ou 2 empregados/as	40,0	41,2
De 3 a 5 empregados/as	36,5	37,7
De 6 a 10 empregados/as	50,0	52,0
Máis de 10 empregados/as	56,7	53,3
Ns/Nc	47,9	52,8
Total	43,3	44,0

Fonte: Elaboración propia

A formación do persoal en transformación dixital é o campo en que menos se progresou ou se prevé progresar e presenta moitas diferenzas en función da actividade específica da organización. As entidades dos sectores das bibliotecas e arquivos (46,2%), da educación cultural (46,5%) e das actividades das administracións públicas (42,2%) son as que proporcionalmente máis medidas acometeron. Estes segmentos fan pensar nun maior avance en formación dixital do persoal das administracións públicas, que se confirmará na análise por tipo de entidade. O sector da música destaca por unha baixa incidencia (16,3%), seguido do de comercio de libros e publicacións periódicas.

Como se apuntaba máis arriba, a análise por tipo de entidade revela unha marcada diferenza entre as administracións públicas e os demais tipos. O contraste máis marcado obsérvase nas entidades sen ánimo de lucro, entre as que realizou adiantos un 22,4% e as que prevén facelos para este ano un 28%.

Tanto a porcentaxe de entidades que realizaron avances na formación dixital do persoal como a das que teñen previsto facelos este ano son máis elevadas canto maior é a facturación e o volume de persoal.

Porcentaxe de entidades que avanzaron nos dous últimos anos ou teñen previsto impulsar en 2024 avances en materia de dixitalización en formación do persoal en transformación dixital


	Realizado en 2022-2023	Previsto para 2024
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	29,1	29,1
Comercio de libros e publicacións periódicas	24,2	22,0
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	37,3	39,0
Audiovisual e actividades relacionadas	35,1	33,0
Artes visuais	39,8	47,2
Música	16,3	20,7
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	28,6	27,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	35,6	41,7
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	46,2	46,2
Educación cultural	46,5	56,3
Actividades das administracións públicas	42,2	37,5
Total	36,6	39,8
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	37,7	40,7
Profesional autónomo	31,1	33,0
Administración pública	47,4	51,3
Entidade sen ánimo de lucro	22,4	28,0
Total	36,6	39,8
<i>Facturación en 2023</i>		
Menos de 50.000 €	24,4	28,1
De 50.000 a 149.999 €	37,4	43,9
De 150.000 a 499.999 €	38,8	43,7
500.000 € ou máis	58,2	51,0
Ns/Nc	56,7	60,0
Total	36,6	39,8
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>		
Ningún, só persoal voluntario	3,5	19,2
1 ou 2 empregados/as	29,3	32,6
De 3 a 5 empregados/as	36,8	41,4
De 6 a 10 empregados/as	37,9	41,3
Máis de 10 empregados/as	52,8	52,9
Ns/Nc	49,0	61,5
Total	36,6	39,8

Fonte: Elaboración propia

6. Internacionalización

Un 23,3% das empresas e entidades do sector cultural realizou durante 2023 algunha acción dirixida a incrementar a súa produción ou venda no mercado internacional. Esta porcentaxe, malia que se mantén 2,2 puntos por debaixo da rexistrada en 2022, supera tamén na mesma proporción a de 2021.

Porcentaxe de entidades que realizaron nos últimos anos algún tipo de acción dirixida a incrementar a súa produción ou venda no mercado internacional



Fonte: Elaboración propia

En función da actividade específica, as que en maior medida realizaron algunha acción foron as do audiovisual (40,2%). Teñen tamén porcentaxes por riba do 30% as dedicadas ao teatro, danza e espectáculos (35,7%), á actividade museística e patrimonial (34,1%), á edición de libros e publicacións periódicas (31,4%) e á música (30,4%). As porcentaxes máis baixas corresponden ao comercio de libros e publicacións periódicas e ás bibliotecas e arquivos (8,8% en ambos os casos).

Segundo o tipo de entidade, foron os profesionais autónomos os que en maior medida realizaron accións encamiñadas a unha maior produción ou venda no exterior (30,8%), en claro contraste co 20,3% das administracións públicas ou co 21,8% das empresas.

Porcentaxe de entidades que realizaron nos últimos anos algún tipo de acción dirixida a incrementar a súa produción ou venda no mercado internacional

<i>Actividade específica</i>	
Artes gráficas e actividades relacionadas	12,7
Comercio de libros e publicacións periódicas	8,8
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	31,4
Audiovisual e actividades relacionadas	40,2
Artes visuais	17,9
Música	30,4
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	35,7
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	34,1
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	8,8
Educación cultural	19,7
Actividades das administracións públicas	15,6
Total	23,3
<i>Tipo de entidade</i>	
Empresa	21,8
Profesional autónomo	30,8
Administración pública	20,3
Entidade sen ánimo de lucro	24,3
Total	23,3


Fonte: Elaboración propia

Polo tipo de actividade que realizan, algunhas entidades poden contar con público internacional ou usuarios estranxeiros malia que non adopten accións positivas dirixidas a tal fin. É por iso que a porcentaxe das que tomaron algunha medida para incrementar a súa produción ou venda no mercado internacional é inferior ao 40,1% que afirma que conta con público internacional nalgunha medida. Segundo os datos de 2024, un 30,7% das entidades afirma que entre o 1% e o 24% da súa produción vai dirixida ao mercado internacional, porcentaxe moi destacada que cae ata un 4,6% no seguinte intervalo e segue reducíndose conforme se avanza por treitos máis elevados. Deste modo pode comprobarse que as entidades que se sitúan no 50% ou máis suman unicamente un 4,7%.

En contraste, un 44,4% da mostra indica que non ten ningún cliente ou usuario internacional. Esta porcentaxe supera en 17,6 puntos porcentuais a rexistrada en 2022 e en 11,6 puntos a de 2021. Este notable incremento, como o experimentado pola categoría que sinala un peso relativo de entre un 1% e un 24%, pode deberse a que 2023 non foi un Ano Xacobeo, como en cambio si foron o 2021 e o 2022, polo que resulta compres-

ble certa caída do público internacional, que se puido deixar sentir en maior medida en determinados tipos de entidades culturais. Os incrementos gardan pola súa vez relación coa redución da incidencia da falta de resposta. Así, pódese observar que esta contestación («Ns/Nc») se foi reducindo en cada nova edición do *Barómetro*: pasa dun 43,4% da primeira a un 38,5% da segunda e, finalmente, a un 15,5% da terceira.

Porcentaxe de entidades segundo o índice de actividade consumida ou empregada por clientes ou usuarios estranxeiros (mercado internacional)




Fonte: Elaboración propia

A través das respostas numéricas achegadas polas persoas entrevistadas pódese calcular a porcentaxe media de actividade dirixida a clientes ou usuarios estranxeiros, que en 2023 se sitúa no 8,35%, case 3 puntos menos que en 2022 e 2,2 menos que en 2021. Como se indicou, esta notable redución pode deberse a que se puxo fin a moitas actividades culturais que se enmarcan na celebración do ano santo. As vindeiras edicións do estudo permitirán avaliar mellor as diferenzas que este fenómeno pode supor na maior ou menor presenza de público internacional.



Porcentaxe media aproximada da actividade das entidades consumida ou empregada por clientes ou usuarios estranxeiros (mercado internacional)



Fonte: Elaboración propia

A edición de libros e o audiovisual son os segmentos que en maior medida logran penetrar nos mercados internacionais, pois a porcentaxe das súas entidades cuxo público internacional supón a metade ou máis do total supera un 10%, concretamente é un 12,7% e un 10,3%; en claro contraste coas entidades dedicadas ás artes gráficas, ao comercio de libros, á educación cultural e ás actividades das administracións públicas.

Porcentaxe aproximada da actividade das entidades consumida ou empregada por clientes ou usuarios estranxeiros (mercado internacional)

<i>Actividade específica</i>	0%	Do 1% ao 24%	Do 25% ao 49%	Do 50% ao 74%	Do 75% ao 99%	100%	Ns/Nc
Artes gráficas e actividades relacionadas	45,5	41,8	3,6	1,8	0,0	0,0	7,3
Comercio de libros e publicacións periódicas	53,8	24,2	1,1	1,1	0,0	0,0	19,8
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	32,2	37,3	5,1	7,6	4,2	0,8	12,7
Audiovisual e actividades relacionadas	30,9	35,1	7,2	7,2	2,1	1,0	16,5
Artes visuais	52,0	27,6	3,3	1,6	0,0	0,8	14,6
Música	50,0	32,6	5,4	3,3	0,0	0,0	8,7
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	47,6	39,3	3,6	1,2	1,2	0,0	7,1
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	28,0	40,9	13,6	3,8	2,3	0,8	10,6
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	40,7	20,9	7,7	1,1	1,1	0,0	28,6
Educación cultural	56,3	23,9	2,8	1,4	0,0	0,0	15,5
Actividades das administracións públicas	31,3	25,0	4,7	1,6	0,0	0,0	37,5
Total	44,4	30,7	4,6	3,2	1,0	0,5	15,5

Fonte: Elaboración propia

Consecuentemente, as porcentaxes medias indican igualmente unha maior presenza no mercado internacional das entidades dedicadas á edición (15,38%) e ao audiovisual (14,78%), aínda que neste caso destaca tamén a media achegada polos museos e actividades relacionadas (14,84%). Así mesmo, obsérvase que a menor incidencia de clientes ou usuarios estranxeiros se atopa entre as entidades dedicadas ao comercio de libros (2,66%), ás artes gráficas (4,35%) e á educación cultural (4,85%).

Porcentaxe media aproximada da actividade das entidades consumida ou empregada por clientes ou usuarios estranxeiros (mercado internacional)

<i>Actividade específica</i>	Media
Artes gráficas e actividades relacionadas	4,35
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,66
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	15,38
Audiovisual e actividades relacionadas	14,78
Artes visuais	5,70
Música	7,05
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	5,62
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	14,84
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	7,60
Educación cultural	4,85
Actividades das administracións públicas	7,38
Total	8,35


Fonte: Elaboración propia

7. O papel das administracións públicas

En 2023 a valoración do apoio prestado ao sector cultural polas diferentes administracións, nunha escala de 0 a 10, foi a seguinte: a Administración do Estado recibiu unha puntuación de 3,78 puntos, a autonómica de 4,55 e a local de 4,51. Isto indica que, en xeral, o sector cultural considerou que o apoio máis eficaz veu da Xunta de Galicia, seguido moi de cerca polos concellos e deputacións, mentres que o Estado foi valorado como o que menos soporte proporcionou.

Se se observan as tendencias desde 2021 ata 2023, pode apreciarse unha evolución positiva na percepción do apoio por parte da Administración do Estado, que aumentou de forma continua, desde unha valoración de 3,21 puntos en 2021 ata 3,78 en 2023. A Xunta de Galicia experimentou un lixeiro descenso, pois pasou de 4,74 puntos en 2021 a 4,55 en 2023. Aínda que esta diminución non é moi marcada, suxire unha leve percepción de redución no apoio. En canto á Administración local, a súa valoración mantívose relativamente estable.

Valoración do apoio prestado aos sectores culturais polas administracións estatal, autonómica e local (concellos e deputacións) (escala 0-10)



Á marxe do criterio da mesma Administración, que se autoavalía de maneira positiva, as entidades sen ánimo de lucro emiten unha valoración alta, especialmente do apoio local, ao que lle outorgaron 5,76 puntos. As empresas e profesionais autónomos móstranse moito máis críticos. Así mesmo, as entidades que desenvolven actividades audiovisuais son as que perciben maior apoio da Administración autonómica (5,40) e da estatal (4,88). Os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural, así como as entidades relacionadas coas actividades de educación cultural, destacan polo elevado apoio da Administración local percibido, con puntuacións de 6,25 e 6,12, respectivamente, quizais influído polo feito de que moitas destas entidades son promovidas directa ou indirectamente polos concellos. En contraste, os sectores das artes gráficas e a edición outorgan as valoracións máis baixas de apoio, especialmente no ámbito estatal, con 2,82 e 2,79 puntos respectivamente, o cal reflicte unha percepción de que soporte neste ámbito é insuficiente.

As entidades con máis ingresos destacan pola súa valoración do apoio autonómico, con 5,35 puntos, o cal indica posiblemente que estas entidades perciben unha maior protección e/ou se benefician en maior medida das políticas culturais nese nivel administrativo. Tamén se aprecia

unha certa tendencia a que as entidades puntúen mellor a Xunta de Galicia e os concellos e deputacións canto máis grandes son en termos de número de persoal empregado.

Valoración media do apoio prestado aos sectores culturais polas administracións estatal, autonómica e local (concellos e deputacións) (escala 0-10)

	Admón. estatal	Admón. autonómica	Admón. local (concellos e deputacións)
<i>Actividade específica</i>			
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,82	3,36	3,40
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,57	4,58	4,24
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,79	3,92	3,60
Audiovisual e actividades relacionadas	4,88	5,40	4,62
Artes visuais	3,87	4,11	3,85
Música	2,88	4,24	4,82
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,99	4,88	4,29
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,33	5,35	6,25
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	4,24	5,38	5,18
Educación cultural	3,75	4,82	6,12
Actividades das administracións públicas	3,84	5,57	7,00
Total	3,78	4,55	4,51
<i>Tipo de entidade</i>			
Empresa	3,74	4,44	4,02
Profesional autónomo	3,72	3,75	3,42
Administración pública	4,13	5,33	6,48
Entidade sen ánimo de lucro	3,62	5,13	5,76
Total	3,78	4,55	4,51
<i>Facturación en 2023</i>			
Menos de 50.000 €	3,58	4,17	4,30
De 50.000 a 149.999 €	3,89	4,48	4,39
De 150.000 a 499.999 €	4,06	4,77	4,65
500.000 € ou máis	3,61	5,35	4,96
Ns/Nc	3,93	4,43	5,19
Total	3,78	4,55	4,51
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>			
Ningún, só persoal voluntario	2,73	3,36	5,07
1 ou 2 empregados/as	3,78	4,19	3,97
De 3 a 5 empregados/as	3,74	4,35	4,37
De 6 a 10 empregados/as	3,87	5,15	4,63
Máis de 10 empregados/as	3,77	5,22	5,72
Ns/Nc	5,30	5,69	7,70
Total	3,78	4,55	4,51

Fonte: Elaboración propia

No relativo ás posibles accións de apoio demandadas ás administracións públicas, as máis frecuentes son as relativas ao incremento de achegas económicas. Destacan especialmente as que se refiren ao aumento do gasto público en produtos e servizos culturais (57,6%), ás axudas directas e subvencións a fondo perdido (47,9%) e ás axudas fiscais (47,4%). Estas demandas mantiveron unha tendencia relativamente estable desde 2021 ata 2023 con pequenas variacións. Pola contra, a demanda de axudas á dixitalización mostrou unha tendencia á baixa ao longo destes tres anos, pois pasou dun 29% en 2021 a un 22,8% en 2023.

Porcentaxe de entidades segundo as accións das administracións públicas que consideran prioritarias para favorecer o sector cultural (resposta múltiple)

	2021	2022	2023
Incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (libros, cine, TV, concertos, teatro etc.)	57,1	59,5	57,6
Axudas directas/subvencións a fondo perdido	48,2	46,4	47,9
Axudas fiscais (bonificacións/deducións)	43,3	48,5	47,4
Axudas ou impulso á dixitalización no sector	29,0	25,9	22,8
Flexibilización do mercado laboral	16,8	23,1	19,7
Mellora da protección da propiedade intelectual	15,7	14,7	16,8
Outras	6,8	6,6	9,6
Ns/Nc	2,0	3,0	2,8

Fonte: Elaboración propia

Dentro desta demanda xeral de incremento do gasto e das axudas, as entidades das artes escénicas, as bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas e as entidades relacionadas coa educación cultural son as que máis avogan por incrementar o gasto público. Tamén son máis proclives á aplicación destas medidas as entidades sen ánimo de lucro e as administracións públicas que as empresas e os profesionais autónomos. A flexibilización do mercado laboral tende a preocupar máis ao empresariado e a protección da propiedade intelectual aos profesionais autónomos.



Porcentaxe de entidades segundo as accións das administracións públicas que consideran prioritarias para favorecer o sector cultural (resposta múltiple)


	Incremento do gasto público en produtos e servizos culturais	Axudas directas/subvencións a fondo perdido	Axudas fiscais (bonificacións/deducións)	Axudas ou impulso á dixitalización no sector	Flexibilización do mercado laboral	Mellora da protección da propiedade intelectual	Outras	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>								
Artes gráficas e actividades relacionadas	43,6	43,6	52,7	20,0	36,4	18,2	0,0	7,3
Comercio de libros e publicacións periódicas	53,8	42,9	49,5	13,2	16,5	9,9	13,2	5,5
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	56,8	44,9	37,3	24,6	23,7	24,6	15,3	1,7
Audiovisual e actividades relacionadas	60,8	56,7	52,6	23,7	18,6	18,6	9,3	1,0
Artes visuais	52,0	39,0	53,7	21,1	20,3	20,3	8,9	2,4
Música	59,8	65,2	45,7	12,0	12,0	7,6	9,8	3,3
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	65,5	47,6	50,0	9,5	10,7	7,1	10,7	4,8
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	60,6	47,0	32,6	35,6	13,6	8,3	10,6	0,8
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	70,3	58,2	26,4	38,5	11,0	17,6	5,5	3,3
Educación cultural	67,6	60,6	43,7	29,6	22,5	14,1	7,0	2,8
Actividades das administracións públicas	67,2	51,6	39,1	26,6	17,2	6,3	12,5	3,1
Total	57,6	47,9	47,4	22,8	19,7	16,8	9,6	2,8
<i>Tipo de entidade</i>								
Empresa	53,4	43,6	51,8	21,9	22,9	15,1	10,3	3,8
Profesional autónomo	55,8	49,9	48,8	16,3	17,3	25,5	7,5	1,0
Administración pública	68,0	57,9	41,2	33,1	16,1	11,1	6,4	2,0
Entidade sen ánimo de lucro	65,4	51,0	32,4	21,8	12,7	20,8	13,8	1,0
Total	57,6	47,9	47,4	22,8	19,7	16,8	9,6	2,8
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>								
Ningún, só persoal voluntario	62,7	52,1	53,1	28,9	0,0	10,7	15,5	3,7
1 ou 2 empregados/as	60,4	47,0	49,1	19,2	15,8	18,2	8,5	3,0
De 3 a 5 empregados/as	52,6	38,6	45,2	24,9	21,2	16,7	12,9	2,8
De 6 a 10 empregados/as	63,2	60,1	43,8	18,6	23,9	9,3	4,8	3,2
Máis de 10 empregados/as	52,1	52,9	47,4	30,1	25,5	20,3	11,0	1,8
Ns/Nc	87,5	49,3	77,4	43,0	0,0	0,0	0,0	7,7
Total	57,6	47,9	47,4	22,8	19,7	16,8	9,6	2,8

Fonte: Elaboración propia

8. Recursos humanos

A continuación analízanse os resultados da percepción sobre a dificultade de atopar profesionais para os postos requiridos polas entidades. Tal e como se pode comprobar na seguinte gráfica, obsérvase unha lixeira variación nas porcentaxes ao longo dos anos 2021, 2022 e 2023.

Porcentaxe de entidades segundo o grao de dificultade que teñen á hora de atopar profesionais para os postos que requiren




Fonte: Elaboración propia

En 2021, un 7% das entidades considerou moi doado atopar profesionais. En 2022 esta apreciación diminuíu lixeiramente ata un 6,5%, mais volveu aumentar ata un 7,2% en 2023. A percepción de que é bastante doado atopar profesionais reduciuse dun 30,8% en 2021 a un 28,4% en 2023. A porcentaxe de entidades que consideraron bastante difícil atopar profesionais aumentou dun 33,8% en 2021 a un 39,9% en 2023 e aquelas ás que lles resultou moi difícil tamén se incrementaron dun 15,2% en 2021 a un 16,6% en 2023.

Se se avalía o grao de dificultade nunha escala de 1 a 4, onde 1 sería moi doado e 4 moi difícil, a media foi de 2,66 en 2021; lixeiramente superior en 2022, con 2,67, e aumentou a 2,72 en 2023. Isto indica que, en xeral, as entidades perciben un incremento gradual na dificultade de atopar profesionais cualificados para os seus postos ao longo destes anos.

Valoración media do grao de dificultade que teñen as entidades á hora de atopar profesionais para os postos que requiren (escala 1-4)



Fonte: Elaboración propia

En canto á variación, aprécianse diferenzas notables segundo a actividade específica, o tipo de entidade, a facturación anual e o número de persoas empregadas. O sector das artes gráficas e actividades relacionadas destaca pola súa particular dificultade na contratación, cunha media de 3,18, o que pode reflectir unha demanda especializada de habilidades técnicas que non se atopa facilmente no mercado laboral. Pola contra, as bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas presentan a menor dificultade. Os sectores da música e das artes visuais así como o do teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas mostran tamén niveis superiores á media (2,92, 2,78 e 2,77, respectivamente).

No cruzamento segundo o tipo de entidade, as empresas enfróntanse á maior dificultade (2,86), en contraste coas entidades sen ánimo de lucro, a Administración e os profesionais autónomos, con menos problemas á hora de atopar persoal cualificado.

A análise da facturación revela unha tendencia interesante: as entidades con maiores ingresos atopan máis obstáculos para contratar, mentres que as máis pequenas, con facturacións inferiores a 50.000 euros, teñen unha dificultade significativamente menor. En relación con isto, cómpre salientar que, en canto ao tamaño da entidade segundo o número total de persoas empregadas, tamén existe unha tendencia ao aumento da dificultade de contratación en función do crecemento do número de persoal empregado.

Valoración media do grao de dificultade que teñen as entidades á hora de atopar profesionais para os postos que requiren (escala 1-4)

<i>Actividade específica</i>	
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,18
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,64
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,57
Audiovisual e actividades relacionadas	2,68
Artes visuais	2,78
Música	2,92
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	2,77
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	2,67
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,36
Educación cultural	2,63
Actividades das administracións públicas	2,54
Total	2,72
<i>Tipo de entidade</i>	
Empresa	2,86
Profesional autónomo	2,48
Administración pública	2,52
Entidade sen ánimo de lucro	2,55
Total	2,72
<i>Facturación en 2023</i>	
Menos de 50.000 €	2,43
De 50.000 a 149.999 €	2,78
De 150.000 a 499.999 €	2,93
500.000 € ou máis	2,94
Ns/Nc	2,24
Total	2,72
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>	
Ningún, só persoal voluntario	2,60
1 ou 2 empregados/as	2,60
De 3 a 5 empregados/as	2,77
De 6 a 10 empregados/as	2,85
Máis de 10 empregados/as	2,81
Ns/Nc	2,11
Total	2,72

Fonte: Elaboración propia

En relación coa adecuación da oferta formativa dispoñible en Galicia ás demandas laborais, a porcentaxe de persoas enquisadas que están bastante de acordo sitúase nun 36,8%, unha taxa lixeiramente inferior á do ano pasado. En xeral, os datos suxiren que, mentres que unha proporción significativa das persoas enquisadas entende que a oferta formativa en Galicia é suficiente, existe unha tendencia crecente que reflicte a preocupación sobre se esta é suficientemente ampla e adecuada para cubrir as necesidades do sector profesional ao que se dirixen. Non obstante, a lixeira mellora na porcentaxe de persoas que están moi de acordo con esta afirmación en 2023 podería indicar un avance.

Porcentaxe de entidades segundo o seu grao de acordo coa afirmación: «Para chegar a ser un bo profesional no seu ámbito hai suficiente oferta formativa en Galicia»

	2022	2023
Nada de acordo	16,1	13,9
Pouco de acordo	29,7	36,4
Bastante de acordo	42,9	36,8
Moi de acordo	7,3	10,5
Ns/Nc	4,0	2,3

Fonte: Elaboración propia

A análise dos resultados sobre esta percepción segregada por actividade específica revela datos destacables. As entidades relacionadas coas artes gráficas e co comercio de libros e publicacións periódicas mostran o maior escepticismo, con altas porcentaxes de persoas que ou non están de acordo ou están pouco de acordo. Isto pode indicar unha apreciación de carencias significativas na oferta formativa específica para estas áreas. A edición, o audiovisual e as artes visuais presentan unha maior proporción de persoas que valoran positivamente a oferta formativa nestes sectores. Os ámbitos da música e do teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas amosan unha división máis equitativa nas súas opinións. As diferenzas polo tamaño da empresa segundo a facturación ou o orzamento da entidade, pese a seren significativas, non amosan unha tendencia clara, ao situarse a percepción dunha peor oferta formativa nas entidades cun rango medio de ingresos.

Porcentaxe de entidades segundo o seu grao de acordo coa afirmación: «Para chegar a ser un bo profesional no seu ámbito hai suficiente oferta formativa en Galicia»

	Nada de acordo	Pouco de acordo	Bastante de acordo	Moi de acordo	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>					
Artes gráficas e actividades relacionadas	29,1	47,3	21,8	1,8	0,0
Comercio de libros e publicacións periódicas	28,6	38,5	18,7	8,8	5,5
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	11,9	31,4	45,8	9,3	1,7
Audiovisual e actividades relacionadas	8,2	35,1	39,2	16,5	1,0
Artes visuais	8,9	35,0	40,7	13,0	2,4
Música	19,6	37,0	35,9	5,4	2,2
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	20,2	34,5	29,8	10,7	4,8
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	13,6	45,5	27,3	6,8	6,8
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	17,6	37,4	39,6	4,4	1,1
Educación cultural	16,9	35,2	40,8	7,0	0,0
Actividades das administracións públicas	9,4	42,2	35,9	7,8	4,7
Total	13,9	36,4	36,8	10,5	2,3
<i>Facturación en 2023</i>					
Menos de 50.000 €	13,1	35,5	37,5	9,7	4,2
De 50.000 a 149.999 €	12,3	36,1	40,1	10,7	0,8
De 150.000 a 499.999 €	16,7	42,6	28,5	10,1	2,1
500.000 € ou máis	12,7	32,2	40,6	13,0	1,4
Ns/Nc	26,6	20,5	43,3	8,0	1,6
Total	13,9	36,4	36,8	10,5	2,3

Fonte: Elaboración propia

Conclusións

Un 40,2% das entidades que compoñen a cultura galega tivo un 2023 mellor ou moito mellor que 2022, para un 37,5% foi igual e para un 20,2% a situación empeorou. As entidades ás que lles foi mellor foron os museos e as que desenvolven actividades relacionadas co patrimonio cultural, as do sector audiovisual e as das artes gráficas, así como aquelas que se dedican ao teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas. Algo por debaixo da media, pero aínda nun contexto positivo, atópanse as entidades dedicadas ás artes visuais (diseño, fotografía, creación artística e fabricación e comercio de bens relacionados con elas, así como arquitectura e publicidade), á educación cultural (academias e escolas de música,

artes visuais, baile, teatro etc.) e á música, así como as bibliotecas e arquivos, as entidades dedicadas á edición de libros e publicacións periódicas e os departamentos de cultura das distintas administracións. As entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas son as máis críticas na súa percepción sobre 2023 e as únicas que se sitúan na parte negativa, é dicir, que tiveron un ano peor que o anterior.

Tal e como se observou noutras edicións do *Barómetro*, esta apreciación resulta máis optimista que a que as entidades teñen sobre a progresión da cultura en termos xerais, do sector específico ao que pertence a súa actividade e da economía en conxunto. Ou sexa, os responsables da cultura teñen a sensación de que a súa organización ou empresa avanzou de maneira máis favorable en comparación co seu contorno.

As persoas enquisadas perciben unha evolución algo menos favorable en 2023 en comparación con 2022. Así mesmo, as expectativas que tiñan hai un ano non se cumpriron, xa que pensaban que 2023 sería un ano mellor do que realmente foi. Non obstante, como xa se mencionou anteriormente, mesmo neste ano continúan a predominar as valoracións positivas. Isto permite afirmar que a cultura está sufrindo unha minoración na súa velocidade de crecemento.

En canto ao que se espera de 2024, un 40,9% pensa que a situación irá a mellor ou moito mellor para a súa entidade, un 39,5% considera que seguirá igual e unicamente un 15,5% prevé unha evolución negativa. En consonancia cos resultados de 2023, téndese a pensar que a cultura en 2024 terá un ano mellor que o contexto económico. A percepción de desaceleración tamén se evidencia pola diminución gradual das expectativas desde 2022, ano fortemente influído pola confianza na reactivación da actividade cultural despois da pandemia da COVID-19. O optimismo crece en consonancia co tamaño da entidade medido en termos de ingresos. Os menos optimistas son os profesionais autónomos.

Estas tendencias xerais gardan relación coa evolución doutros indicadores máis concretos. Pódese afirmar que os datos de 2023 están influídos por un leve incremento da demanda cultural con respecto a 2022, o que pola súa vez semella que incide positivamente na carga de traballo e nos ingresos.



De feito, case a metade das entidades que desenvolven actividades culturais en Galicia —un 45,3%— observou algún incremento na demanda o pasado ano, pero prevé a continuidade deste aumento unha porcentaxe sensiblemente inferior. A produción ou carga de traballo creceu, en consecuencia, nunha proporción similar (47,8%). En relación con isto, os ingresos incrementáronse en 2023 (un 29% levemente e un 9,1% de xeito significativo), pero menos que o ano anterior. Son máis dun terzo as que manteñen a expectativa de seguir incrementándoos en 2024. As entidades dedicadas ao audiovisual e ás artes gráficas e, en xeral, as máis grandes en termos de emprego e facturación aumentaron en maior medida os ingresos e pensan proseguir con este aumento. Outro indicador positivo atópase nos investimentos, executados por un 54,6% das entidades en 2023 e cunha lixeira tendencia a incrementarse nos últimos anos.

Os resultados indican que a inflación e, xa que logo, o incremento de custos e prezos tamén afecta á cultura galega. Os prezos das materias primas e subministracións necesarias para a actividade que desenvolven as entidades subiron para case nove de cada dez (86,5%) e para un 46,5% o aumento experimentado foi significativo. Así mesmo, un 61,7% observou un encarecemento dos custos laborais ao longo de 2023 e para un 14,4% tratouse dun incremento significativo.

As previsións para 2024 son, en xeral, máis moderadas, ao agardar incrementos, pero certamente menores que os percibidos nos últimos tres anos. Quizais por isto se dá o fenómeno de que as subas dos custos non se trasladan directamente aos consumidores ou usuarios, polo menos segundo o que manifestan as persoas enquisadas.

No relativo ao emprego, pódese falar de estabilidade ou dun lixeiro incremento, porque son máis as entidades que aumentaron o cadro de persoal que as que o minguaron. Malia que as diferenzas son pequenas, semella que o crecemento se produce cun pouco máis de intensidade no ámbito público, xa que tivo un comportamento algo mellor que as entidades privadas. A situación que se prevé para 2024 é de estabilidade, quizais cunha contratación aínda máis moderada e cos incrementos concentrados nas entidades máis grandes.

O sector cultural galego enfrenta desafíos na atracción e retención de talento, cunha lixeira tendencia a considerar cada vez máis difícil atopar o



persoal adecuado. Un 56,5% considera difícil ou moi difícil encontrar profesionais. Esta situación varía en función da actividade, tipo de entidade, facturación e tamaño, polo que se subliña a necesidade de estratexias personalizadas de recursos humanos. Destacan pola dificultade de atopar persoal adecuado as artes gráficas e, en menor medida, a música. Os datos indican que, aínda que unha parte importante dos directivos considera que a oferta formativa en Galicia é axeitada, existe unha crecente preocupación sobre se esta é suficientemente extensa e apta para satisfacer as demandas. Sectores como as artes gráficas, o comercio de libros e a música amosan unha maior preocupación sobre a adecuación da formación dispoñible. Pola contra, áreas como a edición e o audiovisual teñen unha percepción máis favorable.

Un 23,3% das entidades levaron a cabo accións dirixidas a incrementar a súa presenza internacional, dous puntos menos que o ano pasado. De feito, tamén se percibiu un descenso na porcentaxe de actividade finalmente consumida polo público foráneo, que se situou nun 8,3% de media (fronte a un 11,3% o ano pasado). Unha explicación podería ter que ver con que, tras a celebración de dous Anos Xacobeos, descendese a porcentaxe de usuarios e clientes estranxeiros, pero haberá que corroborar no futuro se se trata dunha tendencia conxuntural ou non. As actividades que maior peso teñen no mercado internacional son a edición e o audiovisual, xunto cos museos e actividades relacionadas, neste último caso impulsadas probablemente por visitas de turistas. En calquera caso, cabe destacar que son poucas (4,7%) as entidades orientadas maioritariamente ao sector exterior.

No referente aos retos da dixitalización, a publicidade e a comunicación dixital continúan a ser os ámbitos con maiores avances entre as entidades culturais (66,1%), seguidos da incorporación de equipamento técnico e software. Apréciase un descenso destacable nos esforzos dedicados á produción, venda e distribución de contidos dixitais, o que podería estar condicionado polo feito de que se puxo especial énfase e se crearon importantes expectativas neste tipo de produtos durante os anos de influencia da pandemia. De novo, haberá que agardar ao futuro para ver que significa esta tendencia. Quizais tamén en relación con isto, cabe destacar que os esforzos en materia de formación do persoal en transformación dixital si gan a ser relativamente baixos (só aplicaron medidas neste senso un 36,6% de entidades) e algo inferiores ao previsto.



Durante 2023 un 43,7% das entidades culturais galegas enquisadas obtivo algún tipo de subvención, mentres que un 8% as solicitou pero lle foron denegadas. Ao comparar con anos anteriores, a taxa de éxito nas solicitudes aumentou lixeiramente en 2023 con respecto a 2022, mais segue sendo inferior á rexistrada en 2021. As axudas chegan con maior facilidade ás entidades grandes que ás pequenas e só se observan contías relativamente altas entre as entidades dedicadas ao teatro, a danza e outras artes escénicas, ao audiovisual e aos museos e actividades vencelladas ao patrimonio.

Talvez relacionado con isto, cómpre salientar que o apoio recibido das distintas administracións se puntúa por debaixo de 5 nunha escala de 0 a 10. A Xunta de Galicia é a mellor valorada, con 4,55 puntos, seguida de preto polas entidades locais, con 4,51 puntos, e a Administración do Estado, que recibiu a valoración máis baixa, con 3,78 puntos. Sectores específicos e entidades con características particulares (como a facturación e o número de empregados) teñen percepcións diversas deste apoio, o que suxire que as necesidades e as expectativas difiren de xeito salientable dentro da cultura. Dito isto, a evolución indica un incremento significativo na valoración da Administración do Estado e unha leve baixada da puntuación da Xunta de Galicia. En xeral, os máis críticos coa Administración son as empresas e os profesionais autónomos.

No relativo ás peticións que o sector da cultura lle formula á Administración, hai unha clara preferencia pola intervención directa a través do aumento do gasto público e das axudas. A evolución deste ano non amosa grandes diferenzas a este respecto. Posiblemente en relación coa mencionada perda de interese na produción e distribución en liña e a escasa formación, é destacable que a demanda de políticas de impulso á dixitalización perda pulo. Trátase dun indicador relevante porque hai relativamente pouco tempo a cultura virtual e a dixitalización semellaban ser algunhas das fortalezas do futuro inmediato.